

Descargar en pdf

Ver no móvil



LINGUA GALEGA E LITERATURA: PREPARACIÓN PARA A SELECTIVIDADE

VITORIA OGANDO VALCÁRCEL & ANXO GONZÁLEZ GUERRA,
CATEDRÁTICOS DE IES

www.ogalego.eu

PAU Xuño 2014	<u>opción A</u>	<u>opción B</u>	<u>Criterios de Avaliación</u>
----------------------	------------------------	------------------------	---------------------------------------

1.- [Exame de selectividade](#) (estructura)

2.- Teoría.

- [Alfabeto](#)
- [Acento ortográfico](#)
- [Coma](#)
- [Punto e coma](#)
- [Guión](#)
- [Diérese](#)
- [Maiúsculas](#)
- [Interrogación e admiración](#)
- [Substantivo](#)
- [Comparativo e superlativo](#)
- [Artigo](#)
- [Pronome persoal](#)
- [Posesivo](#)
- [Demostrativo](#)
- [Verbo](#)
- [Cuantificadores e identificadores](#)
- [Relativo, interrogativo e exclamativo](#)
- [Adverbio](#)
- [Preposición](#)
- [Conxunción](#)
- [Análise sintáctica](#)
- [Análise das cláusulas/oracións](#)
- [Léxico](#)
- [Semántica](#)
- [Fonoloxía](#)
- [Dialectoloxía](#)

3.- Sociolingüística

4.- Literatura

5.- Exames de selectividade

PAU Xuño e setembro 2010

PAU Xuño e setembro 2011

PAU Xuño 2012 e setembro 2012

PAU Xuño 2013 e setembro 2013

PAU Xuño 2014 opción A, opción B

CURSO 2013-2014

EXAME DE SELECTIVIDADE

I. Competencia comunicativa. 5 puntos

- a) Comprensión textual. 2 puntos (2 preguntas de 1 punto)
- b) Producción textual. 3 puntos (1 pregunta)

II. Contidos específicos da materia. 5 puntos

- c) Lingua e gramática. 2 puntos (2 preguntas de 1 punto)
- d) Sociolingüística. 1 punto (1 pregunta)
- e) Literatura. 2 puntos (1 pregunta)

Na parte de **comprensión textual** (preguntas I-a) formularanse dúas breves cuestións sobre algún aspecto de interpretación e análise do texto proposto. Velaquí algunhas posibles preguntas:

- Resumo breve do texto ou dunha parte del.
- Estrutura do texto.
- Ideas principais e secundarias.
- Intencionalidade do texto. Será especialmente interesante que o/a alumno/a perciba o sentido real do texto, máis alá da súa literalidade (péñese en recursos como, por exemplo, a ironía).
- Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique. Será especialmente interesante que o/a alumno/a perciba o sentido real do texto, máis alá da súa literalidade (péñese en recursos como, por exemplo, a ironía).
- Significado concreto no texto dalgunha palabra ou expresión.

Na parte de **producción textual** (pregunta I-b) pediráselles aos alumnos e alumnas que constrúan un texto persoal cunha extensión *aproximada* de 200-250 palabras sobre un tema proposto, relacionado dalgún xeito co contido do texto sobre o cal se basea o exame. Valorarase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos *desagregaranse en tres tramos de 1 punto* cada un, do seguinte xeito:

1) *Construción textual*: 1 punto. Valorarase:

1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a “orixinalidade” gratuita e afastada do contido do texto da proba..

1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade

continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións.

1.c) A organización da información: estruturación do texto (e. g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) *Adecuación léxico-gramatical*: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) *Corrección ortográfica e gramatical*: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión *manifestamente* menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

Na parte de **lingua e gramática** (pregunta II-c) formularanse dúas preguntas sobre conceptos de fonética, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe, semántica, lexicoloxía ou dialectoloxía. Nas preguntas gramaticais tentamos introducir algunha cuestión cun enfoque comunicativo ou de gramática comprensiva. Trátase de cuestións a través das cales se pretende facer reflexionar o alumno ou alumna sobre unha estrutura gramatical a partir do significado específico que se consegue co seu uso. As distintas construcións gramaticais son así concibidas como estratexias para expresar contidos de maneiras distintas, e o alumno ou alumna debe, ademais de saber usalas, ser quen de explicar as diferenzas que hai entre usar unhas ou outras.

Poderá empregarse calquera das terminoloxías lingüísticas existentes, sempre que se faga de forma coherente.

Na parte de **sociolingüística** (pregunta II-d) as posibles preguntas son unicamente as seguintes (formularanse dúas preguntas e o alumnado responderá só unha):

- 1.- As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuizos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- 2.- Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
- 3.- Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
- 4.- O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- 5.- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- 6.- O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Agárdase do alumnado unha resposta concisa e asemade completa. Sería desexable unha extensión *aproximada* dunhas 200 ou 250 palabras. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas.

Na parte de literatura (pregunta II-e) a pregunta será necesariamente unha das seguintes (formularanse dúas preguntas e o alumnado responderá só unha):

- 1.- A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
- 2.- A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
- 3.- A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e

xornalismo).

4.- O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.

5.- A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.

6.- A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).

7.- A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.

8.- O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

9.- A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.

10.- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

11.- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

12.- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

En ningún caso se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras. Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

i) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias...

ii) Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores.

iii) Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Como orientación en canto á extensión podemos falar aproximadamente dunhas 400 palabras, aínda que isto pode ser moi variable dependendo de se o alumnado opta por unha resposta con redacción máis desenvolvida ou máis esquemática.

Observacións comúns para as preguntas de sociolingüística e literatura:

1) Nestas dúas preguntas ofreceranse dúas posibilidades, para que o/a alumno/a escolla unicamente unha delas. Estas dúas posibilidades serán as mesmas nas Opcións A e B do exame. Deste xeito poderá escollerse unha ou outra opción sen que influan as preferencias nas preguntas de sociolingüística ou de literatura.

2) A pesar de que as preguntas responden a un repertorio pechado preestablecido, espérase que os/as alumnos/as constrúan o seu propio texto de maneira personalizada, evitando na medida das súas posibilidades que se incorra en prácticas pedagoxicamente pouco apropiadas. Téñase en conta, neste senso, que se penalizarán as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística.

Consideracións relativas á corrección lingüística

Tamén se valorará a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

—*Moi graves*: aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

—*Graves*: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*).

Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

—*Leves*: solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica.

Penalizaranse con 0,05 puntos.

Estas penalizacións non se aplicarán sobre a pregunta 3, xa que, tal como indicabamos, na propia valoración da pregunta vai incluída a avaliación da corrección lingüística do texto producido.

I.- Alfabeto

GRAFEMA: representación escrita dun fonema

1.- Os nomes das letras teñen xénero masculino: *o gue, o que, o xe, o zeta...*

Os *dígrafos* representan un único son: *o che, o gue u, o elle, o ene hache, o que u, o erre dobre.*

2.- **k, w, j, v, c** (*ka, uve dobre, iota, y grego, cedilla*) só se usan en palabras tomadas doutros idiomas: *kantiano, byroniano, wagneriano, Jefferson, Eça de Queiroz*

Obsérvese: *quilo, quilómetro, quilovatio.* (Abreviaturas con *k*)

3.- Exemplos de uso do **h**: *Helena, Henrique, Heladio, hendecasílabo, hedra, hipocrisía, harmonía* (compostos e derivados dos anteriores)

Mais: *arpa, orfo, oso, oco, irmán, inchar, ermida, ombreiro, baía, aí.*

4.- Exemplos de uso do **v/h**:

- *baleiro, orballo, bolboreta, móbil, marabilla. pobo, goberno...*(compostos e derivados dos anteriores)

- *avó, avogado, voda, varrer, vasoira, ouvear, esvarar, pavillón, gravar, gravata, vulto, verniz, verza, covarde, esvelto, voitre*

5.- **nh** representa unha consoante nasal velar. Debe manterse unida no final de liña.

6.- **g+a,o,u gu+i,e (gü)** Para a representar a gheada: *gh*

7.- Uso do **X**: *exame, extensión, léxico, téxtil, tórax...*

Obsérvese: *escavadora, estender (extensión), estrañar, estraño, estranxeiro esaxeración, esaxerar, esixir, esixente.* (*oxíxeno*)

II.-ACENTO ORTOGRÁFICO

1.- **Agudas (oxítonas)**. Ex. : *chofer, chinés*

Acentúanse as polisílabas rematadas en **-vogal (+n,s,ns)**

Mais non levan acento gráfico:

a) Monosílabos: *leis, el, ti.*

b) As rematadas en ditongo decrecente (+n,s): *papeis, colleu, amei, tomou, pediu, azuis.*

c) As rematadas noutra consoante que non sexa -n ou -s: *cantar, nariz, arroz.*

2.- **Graves (Paroxítonas)**. Ex. : *atmosfera, biosfera, heroe*

Levan acento gráfico cando rematan en consoante diferente de **n, s**, ou en grupos consonánticos distintos de **-ns**: *álbum, móbil, mísil, réptil, Félix, tríceps, carácter.*

(Tamén se acentúan as que teñen ditongo decrecente na última sílaba: *amábeis*).

Polo tanto: *cantan, cantas, lapis, canons, colons, dolmens.*

3.- **Esdrúxulas (Proparoxítonas)**.

Todas levan acento gráfico: *mágoa, bárbaro, tépedo, xílgaro, térmite.*

4.- **i, u** en hiato.

Independentemente das regras anteriores, levan acento gráfico as vogais **i, u** tónicas cando van inmediatamente antes ou despois dunha vogal átona, para indicar que ámbalas vogais non forman ditongo: *aínda, baúl, caída, egoísmo, miúdo, raíña, raíz, ruído, saía, súa, traía, túa, xuízo...* (mais: *prohibo*)

5.- **Estranxeirismos e latinismos**: seguen as normas anteriores.

6.- Acentos diacríticos.

á/a ás/as bóla/

bola cá/ca cás/cas chá/cha chás/chas có/co cós/cos còmpre/compre còmpren/c
ompren dá/da dás/das dó/do é/e fóra/fora má/ma más/mas máis/mais nó
/no nós/nos ó

(ao)/o ós(aos)/os óso/oso pé/pe póla/pola pór/por présa/presa sé/se só/so t
é/te vén/ven vés/ves vós/vos

7.- Observacións.

7.1.- As **maiúsculas** levan acento gráfico.

7.2.- Non o levan os **adverbios acabados en -mente, os demostrativos, o numeral un,
o pronome el.**

7.3.- Tampouco os **interrogativos e exclamativos**: *Como lle vai? Onde estás?*. Só se
acentúan para evitar anfiboloxías: *dille que queres, dille qué queres.*

7.4.- O pronome posposto ao verbo conta como unha sílaba máis, pero mantense o
accento diacrítico: *cóntallo, éme igual, dálle.*

III.- COMA

1.- Separa os elementos dunha enumeración cando non os une unha conxunción.

2.- Úsase despois dunha subordinada, cando precede á principal.

3.- Úsase para separar os vocativos, aposicións...

4.- Úsase coas locucións adverbiais: *pois, é dicir, en fin, finalmente...*

5.- Úsase coas conxuncións adversativas cando introducen oracións curtas.

6.- Úsase nas oracións adxectivas-explicativas, etc.

**Non se separan os elementos da oración con comas (suxeito-verbo...). A coma non
pode iniciar unha liña.**

IV.- PUNTO E COMA

1.- Utilízase en oracións longas cando xa se usou coma e se precisa unha pausa.

2.- Utilízase en oracións longas cando hai unha conxunción adversativa.

O punto e coma ten pouco uso en galego.

V.- GUIÓN

1.- Úsase para partir unha palabra ao final da liña, coas segundas formas do artigo e en
certas palabras compostas: *ce-/rra-/llei-/ro, ma-/cha-/da, co-/rrom-/per, al-/gu-/nha.*

2.- Escríbense con guión as palabras nas que o 1º elemento é non (*non-fumadores, non-
aliñados*), asociacións ocasionais (*dicionario alemán-galego, maníaco-depresivo*),
palabras complexas (*nor-nordeste*) ou estranxeirismos (*streak-tease, foie -grás*).

Mais: *garda civil (gardas civís), moble bar (mables bar), sofá cama (sofás cama),
porco bravo (porcos bravos), cartafol (cartafoles), sapoconcho (sapoconchos),
xordomudo, vagalume, malhumor, lusquefusque, cabodano...*

VI.- DIÉRESE

- 1.- **güe, güi** para indicar que se pronuncia o **u**: *ungüento, antigüidade, lingüista*.
 - 2.- Co **i** na 1ª e 2ª persoas do plural do imperfecto de indicativo/copretérito dos verbos acabados en -aer, -oer, -oir, -uir: *caíamos, doíades, moíamos, saíades, constituíamos, destituíades*.
-

VII. USO DAS MAIÚSCULAS

- 1.- Comezo de escrito, despois de punto.
 - 2.- Nomes propios e alcumes.
 - 3.- Formas abreviadas de tratamento: *Dra., Vde.*
 - 4.- Na 1ª palabra do título dunha obra: *Follas novas* (xornais e revistas en todas: *A Nosa Terra*).
 - 5.- Nos substantivos e adxectivos dos nomes de institucións e empresas: *Xunta de Galicia, Adegas Cooperativas*.
 - 6.- As siglas escríbense con maiúsculas: *ONU, TVG*.
-

VIII.- SIGNOS DE INTERROGACIÓN E ADMIRACIÓN

Colócanse só ao final do enunciado (? !). Ao inicio só excepcionalmente.

[EXERCICIOS SOBRE ORTOGRAFÍA en ogalego.eu](http://ogalego.eu)

IX.- SUBSTANTIVO (e adxectivo)

Forma: *lexema* (significado básico) + *morfemas* (xénero e número). **Significado:** *común/propio e concreto/abstracto*.

1.- XÉNERO

1.1.- Substantivos nos que o cambio de xénero non se refire ao sexo:

- 1.1.1.- **Tamaño:** *pipo, rato, barco, vasoiro*.
- 1.1.2.- **Feminino colectivo:** *madeiro, gran, ovo*.
- 1.1.3.- **Semanticamente diferentes:** *porto, corte, cura*

1.2.- Xénero mal usado por influencia do castelán:

1.2.1.- **Masculinos:** *berce, cal, cárcere, costume, couce, cume, cuspe, dote, fel, labor, leite, lume, mel, nariz, riso, sal, sangue, sinal, sorriso, ubre, legume, nomes de letra*.

1.2.2.- **Femininos:**

- *cor, dor, orde, orixe, ponte, testemuña, suor, marxe*.
- Palabras acabadas en **-axe**, menos *paxe, traxe, garaxe, personaxe*.
- Palabras acabadas en **-se** (=sis), **-ite** (=itis): *análise, farinxite, peritonite*.
- As que comezan por **á tónico** non mudan de artigo: *a arte*

OBSERVACIÓN: as **árbores froiteiras** teñen o mesmo xénero que a froita, agás *castiñeiro* e *figueira*.

1.3.- Formación do feminino.

O feminino fórmase comunmente co morfema **-a**, que se une directamente ao masculino

(*deus, rapaz, avó, só, cru, chinés, burgués*) ou substitúe a vogal final da forma masculina (*sobriño, presidente*). Mais:

1.3.1. Nomes rematados en **-n**:

1.3.1.1.- **-án/-á**: *aldeán, artesán, chan, cidadán, cristián, curmán, irmán, pagán, san, alemán, catalán, afgán*

1.3.1.2.- **-án/-ana**: despectivos: *folgazán, charlatán*

1.3.1.3.- **-ón/-oa**: *ladrón (ladra), león, patrón, campión*. Nos aumentativos e despectivos **-ona**: *cabezón, abusón, faltón*.

1.3.1.4.- **-in/-ina**: *bailarín (ruín é invariable)*

1.3.2. **Sufixos especiais**: *barón, duque, abade, poeta, rapaz, galo, actor, emperador, rei, heroe, xudeu, sacerdote, tsar*.

1.3.3. **Palabras diferentes** (heterónimos): *mao, bo, cabalo, xenro, castrón, can, home, macho, frade, padriño, pai, marido, padrasto, compadre, príncipe*.

1.3.4. Non hai formas para o feminino:

Úsase o artigo: *intérprete, estudante*. Úsase macho/femia para animais: *sapo, pardal, paspallás*.

2.- PLURAL.

2.1.- As palabras rematadas en **vogal, ditongo**: engaden **g**: *lei, i, u, bambú, custo, bocoi*.

2.2.- As palabras rematadas en **-r** e **-z**: engaden **es**: *mar, vez, luz*.

2.3.- As palabras rematadas en **-s** e **-x** (ks):

2.3.1.- As agudas: **+es**: *deus, compás...* **Mais**: *luns, fax, lux, unisex* son invariables.

2.3.2.- As graves e esdrúxulas son invariables: *choromicas, lapis, martes, oasis, télex, tórax*.

2.4.- As palabras rematadas en **-n**: engaden **g**: *can*

2.5.- As palabras rematadas en **-l**:

-**Monosílabos**: **+es**: *pel, fel, mel, mil, cal, tal, val, xel, ril, sol...*

-**Polisílabos agudos**: **l por is**: *mandil, fusil, cadril, bemol, anel, aval, control...* Mais: *eles, aqueles*.

-**Polisílabos graves**: **+es**: *fácil, símil, áxil, túnel, cónsul...*

Mais -bel: *-beis (amábeis)*

2.6.- Os estranxeirismos e cultismos. A maioría engaden **g**: *club, coñac, tic, lord, test*. Algúns engaden **-es**: *húsar, dólar*.

2.6.- Só se usan en plural: *andas, nupcias, exequias, tesoiras*.

2.7.- Teñen distinto significado en singular e plural: *miolo, aire, lente, auga*.

2.8.- Palabras compostas (Vid. o uso do guión): *vacaloura, sapoconcho, vagalume, ollomol/es, cartafol/es...*

X.- COMPARATIVO E SUPERLATIVO (adxectivos)

1.- Grao **positivo**: o significado non está modificado.

2.- Grao **comparativo**:

2.1.- **De igualdade**: *tan.. coma/como / igual... ca/que/do que*

2.2.- **De superioridade**: *máis... ca/que/do que*

2.3.- **De inferioridade**: *menos... ca/que/do que*

bo/mellor, mao-malo/peor, grande/maior-meirande, pequeno/menor

ca e coma son obrigatorios ante un 2º termo da comparación *pronome persoal*. **Ca** non contrae co artigo *ca o* (ou pode contraer *có*)
como e do que son obrigatorios ante un 2º termo da comparación *verbo*.

3.- Grao **superlativo**:

3.1.- Relativo: o/a máis-menos... de-entre..

3.2.- Absoluto: **-ísimo**: *altísimo, grandísimo*. *Mais*: *antiquísimo, fidelísimo, nobilísimo, amabilísimo, celeberrimo, misérrimo, paupérrimo, pulquérrimo*.

-Tamén: *máximo, mínimo, óptimo, pésimo, supremo, ínfimo*.

-*Moi, bastante, ben, abondo...* + adxectivo.

-Os prefixos derivativos *hiper, ultra, re, súper...*

-A repetición do adxectivo. Frases feitas.

[\(EXERCICIOS SOBRE SUBSTANTIVO E ADXECTIVO ogalego.eu\)](#)

XI.- ARTIGO

Artigo (determinado) : o, a, os, as (El Rei, El Señor)

As segundas formas **lo, la, los, las** úsanse con **por** e **u**: *polo, u-lo libro?*

Todos os ou *tódolos, ambas as* ou *ámbalas*.

Un, unha, uns, unhas: artigo indeterminado?

Contraccións:

Por e tras contraen co artigo: *polo, tralo, pola, trala...*

	o	a	Os	as		un	unha	uns	unhas
a	ao (ó)	á	aos (ós)	ás	con	cun	cunha	cuns	cunhas
con	co	coa	Cos	coas	de	dun	dunha	duns	dunhas
de	do	da	Dos	das	en	nun	nunha	nuns	nunhas
en	no	na	Nos	nas					

Exemplos: *veño da Coruña, vou ao Carballiño, saímos antes de os galos cantaren, quéreme máis a min ca a ti, caeulle máis auga á nosa ca á delas.*

[\(EXERCICIOS SOBRE O ARTIGO en ogalego.eu\)](#)

XII.- PRONOME PERSOAL

1.- Formas Tónicas:

	Singular	Plural
1ª persoa	eu	nós / nosoutros, -as
2ª persoa	ti	vós / vosoutros, -as
3ª persoa	el, ela	eles, elas

En réxime de preposición: 1ª **min**, Reflexivo: **si**

Prep. **con**: **comigo, contigo, connosco, convosco, consigo**

Cortesía: **vostede, vostedes** (esixen o verbo en 3ª persoa)

	El	Ela	Eles	Elas
de	del	dela	deles	delas
en	nel	nela	neles	nelas

2.- Formas Átonas:

	Singular	Plural
1ª persoa	Me	nos
2ª persoa	te (comple. directo) che (comple. indirecto e solidar.)	vos
3ª persoa	o, a/lo, la/no, na (comp. directo) lle (comp. indirecto e solidar.)	os, as/los, las/nos, nas (com. dir.) lles (compl. indirecto e solidar)

-Reflexivo **3ª persoa : se** Cortesía: **3ª persoa**

-O -s final da 1ª de plural dos verbos pérdese ante o pron. persoal **nos: perdémonos, esquecermonos.**

-Solidariedade: **che:** atuando a 1. **vos:** atuando a varios. **lle:** de vostede a 1. **lles:** de vostede a varios.

3.- Contraccións:

	O	A	OS	AS
ME	mo	ma	Mos	mas
CHE	cho	cha	chos	chas
LLE	llo	lla	Llos	llas
NOS	nolo	nola	noslos	Nolas
VOS	vololo	vola	voslos	volas
LLES	llelo	llela	llelos	llelas

4.- Valores de SE (me,te,se,nos,vos,se). Resume.

- Reflexivo: é complemento directo. A acción que realiza o suxeito recae sobre el mesmo. *O can lámbase.* Pode ser nalgún caso complemento indirecto: *preguntouse a razón diso.*

- Recíproco: con suxeito múltiple. A acción que realiza cada un recae sobre os demais. *Antón e Helena quérense. Irea e Sara mándanse SMS.*

- Compoñente verbal: en verbos que esixen o pronome, forma parte do verbo. *Raquel queixouse da cabeza.*

- Na pasiva reflexa, impersonal. *Aínda non se recolleu o millo.*

(**Atención:** se no exame de selectividade aparece a pregunta de analizar valores de SE, lémbrese que pode ser nexo condicional –conxunción- ou pronome persoal átono.

Indíquese sempre isto. Se ademais se sabe o anterior tamén se sinala. Na maioría dos casos este pronome átono é CD)

5.- Colocación do pronome átono na frase:

1.- En oracións subordinadas: antes do verbo

2.- Non subordinadas: despois do verbo. EXCEPTO (vai antes):

2.1.- Oracións desiderativas e enfáticas. Para salientar a palabra que precede ao verbo.

2.2.- Oracións introducidas por partícula interrogativa/exclamativa.

2.3.- Se ao verbo precede un negativo

2.4.- " " " : alguén, todos, calquera....

2.5.- " " " : case, ata, disque, eis, mesmo, seica, velaí, aínda, axiña, sempre, só, tamén, ben, cedo, tarde, mal, moito, talvez, quizais,

3.- Cos infinitivos: se o infinitivo é suxeito, predicado nominal ou aposto, o pronome vai despois. No resto dos casos pode ir antes ou despois, mesmo se pode intercalar entre o inf. e unha preposición/conxunción que o rexe.

4.- Cos xerundios: se é núcleo verbal, o pronome vai despois; no resto dos casos antes ou despois.

4.- Orde de colocación dos pronomes: Primeiro vai **se**, logo o pron. de **solidariedade**, logo o **complemento indirecto** e finalmente o **complemento directo**.

[\(EXERCICIOS SOBRE O PRONOME PERSOAL en ogalego.eu\)](#)

XIII.- POSESIVO

<i>masculino</i>	<i>feminino</i>	<i>Masculino</i>	<i>Feminino</i>
meu	Miña	meus	miñas
teu	Túa	Teus	túas
seu	Súa	seus	súas
noso	Nosa	nosos	nosas
voso	Vosa	vosos	vosas
seu	Súa	seus	súas
<i>singular</i>	<i>Singular</i>	<i>Plural</i>	<i>Plural</i>

Existe un posesivo de respecto **mi** que acompaña a *madre, padre, tío, señor, amo...*

Observacións:

1.- É obrigatorio o uso de artigo ante adxectivo posesivo (excepto nos vocativos). Cos nomes de parentesco é optativo.

2.- Os de 3ª persoa acompañados de numerais poden indicar cantidade aproximada ou ponderación; *xa ten os seus 20 anos / valerá as súas boas pesetas.*

3.- **De meu, de noso, de teu, de voso, de seu:** propiedade exclusiva ou por si: *teño casa de meu/ a casa caeu de seu.*

4.- **Os meus, os teus....:** a familia

5.- **Das miñas, das túas...:** falcatrúadas, trasnadas, tarefas: *xa anda a facer das súas / xa che pasei as miñas.*

6.- **Cadanseu, súa, seus, súas:** sentido distributivo, algo para cada un.

7.- **Posesivo= de+pron. persoal:** diante miña, túa, súa....

8.- O posesivo pode indicar algo habitual: *xa volveron ao seu*

[\(EXERCICIOS SOBRE O POSESIVO en ogalego.eu\)](#)

XIV.- DEMOSTRATIVO

MASCULINO	Este	ese	aquel	estes	eses	aqueles
FEMININO	Esta	esa	aquela	estas	esas	aquelas
	Isto	iso	aquilo			

- 1.- **Estoutro, a, os, as, esoutro, a, os, as, aqueloutro, a, os, as:** úsanse en correlación cun simple sinalando a 2ª cousa dunha serie de 2.
- 2.- O demostrativo contrae coas preposicións **de, en:** *deste, naquel, niso, daqueloutra, nestoutro...*
- 3.- **Aquel** (substantivo): *motivo, aspecto, aparencia.*
- 2.- **Aquela** (substantivo): *coidado, agarimo, interese, desgraza.*
- 3.- **Daquela** (adverbio): *naquel tempo, entón.*
- 4.- **Nisto, con estas, nestas:** *de repente, nese momento*

(EXERCICIOS SOBRE O DEMOSTRATIVO en ogalego.eu)

XV.- VERBO

1.- Uso do infinitivo persoal/conxugado/flexionado.

Unha das características do galego-portugués é a de posuír un infinitivo flexionado que é portador dun morfema de persoa.

1.1.- Debe usarse:

- 1.1.1.- Sempre que o infinitivo vaia introducido por unha preposición (e non forma parte de perífrase verbal).
- 1.1.2.- Cando o infinitivo ten un suxeito propio, diferente do do verbo principal.

1.2.- Non pode usarse:

- 1.2.1.- Cando ten o mesmo suxeito que o verbo antecedente do que depende ou nas perífrases verbais.
- 1.2.2.- Cando non ten un suxeito determinado nin posibilidades de repoñelo.
- 1.2.3.- Cando un complemento átono do outro verbo fai de suxeito do infinitivo:
gústanos gañar.

2.- Valor dos tempos e modos.

2.1.- **O MODO:** Expressa a actitude do falante con relación á acción verbal.

- **Indicativo:** feito real, obxectivo.
 - **Subxuntivo:** feito como posible, como desexo ou mandado atenuado; tamén dúbida, emoción, temor, etc.
 - **Imperativo:** feito como mandado atenuado ou orde.
- 2.2.- **O TEMPO:** o tempo é expresado tamén polos adverbios...
- 2.2.1.- **Presente de Indicativo.** Coincidencia co momento actual.
 - *Presente habitual:* acción frecuente.
 - *Presente histórico ou narrativo:* sucesos do pasado.
 - *Presente intemporal:* verdades permanentes.
 - *Presente prospectivo:* certeza no futuro.
 - *Presente imperativo:* mandado atenuado.
 - 2.2.2.- **Copretérito (pret. imperfecto) de indicativo.** Coincidencia cun momento do pasado (un adverbio ou outro verbo).
 - *Copretérito narrativo:* nos contos, historias...
 - *Copretérito. de cortesía.*
 - *Copretérito con valor de futuro (desde o pasado).*
 - 2.2.3.- **Pretérito (p. perfecto).** Un feito pasado máis ou menos afastado (non precisa

referente).

- Valor *imperativo*.

- *Pretérito de futuro*: acción futura que se realizará axiña.

2.2.4.- **Antepretérito (pretérito pluscuamperfecto)**. Un feito pasado con relación a outro tamén pasado -non con respecto ao momento actual-.

2.2.5.- **Futuro de Indicativo**. Feito que aínda non sucedeu no momento actual.

- *Incerteza, posibilidade*.

- *Obrigatoriedade*.

- *Cortesía*.

2.2.6.- **Pospretérito (Condicional / futuro hipotético)**. Feito futuro con relación a un tempo pasado.

- *Incerteza na pasado*.

- *Cortesía*.

2.2.7.- **Presente de Subxuntivo**. Coincidencia co momento actual ou co futuro.

2.2.8.- **Pretérito (imperfecto) de subxuntivo**. Tempo pasado, presente (feito irreal) ou futuro (referente ao pasado)

N.B. As formas **-ra** son antepretérito e as formas **-se**, pretérito de subxuntivo (mais **-ra** tamén pode ser subxuntivo)

2.2.9.- **Futuro de subxuntivo** -pouco usado-. Unha acción futura que é posible que se realice.

2.3.- **AS FORMAS NOMINAIS**. Non expresan tempo nin modo.

2.3.1.- **O Infinitivo** (=substantivo). Expresa a acción verbal en potencia, sen ter en conta se se está a realizar ou non.

2.3.2.- **O xerundio** (=adverbio). Modifica adverbialmente o verbo principal expresando unha circunstancia a el referida. A acción está vista na súa realización.

Precedido de **en**: acción sucedida inmediatamente antes que a do verbo principal.

2.3.3.- **O participio** (=adxectivo). Pode funcionar como un adxectivo perdendo case o seu sentido verbal ou como núcleo (case sempre seguido dun substantivo suxeito)

(VERBOS REGULARES E IRREGULARES CONXUGADOS)

PERÍFRASES VERBAIS/COMPLEXOS VERBAIS/FORMAS PERIFRÁSTICAS

Verbo auxiliar +(partícula)+ Verbo auxiliado

en forma persoal en forma impersoal: infinitivo/xerundio/participio

perdeu o significado propio conserva o significado propio

aporta: persoa, tempo, aspecto...

A perífrase compórtase como unha unidade formal e non como dous verbos

PRINCIPAIS PERÍFRASES

1.- **Temporais**: futuridade, imediatez.

***IR** + INFINITIVO: movemento, futuro. *Vai chover hoxe. Vou ir de vacacións este Nadal*

***HABER (DE)** + INFINITIVO: futuro. *Han de chegar*.

***ESTAR A/PARA** + INFINITIVO: futuro inmediato. *Olla, está para chover*.

***ANDAR PARA** + INFINITIVO: futuro inmediato. *María anda para ter un neno*.

2.- **Modais**: obriga ou hipótese/probabilidade.

***HABER (DE)** + INFINITIVO: hipótese. *Ha (de) andar por oitenta pesos*.

En pretérito : acción a piques de se realizar(ou imperfectiva). *Tropezou e houbo caer*.

***HABER QUE** + INFINITIVO: obriga. *Hai que ser educados e saber comportarse*.

- ***TER QUE/DE + INFINITIVO**: obriga. *Síntoo, mais teñen que marchar axiña.*
- ***DEBER (DE) + INFINITIVO**: obriga ou hipótese. *Para aprobaren deben tirar un 5. Aquí debe vivir un gaiteiro.*
- ***PODER + INFINITIVO**: hipótese. *Podo facer un exame sorpresa en calquera momento.*
- 3.- **Aspectuais**(os tempos non expresan o aspecto):
- a) **Imperfectivas**: acción na súa duración, desenvolvéndose.
- ***ESTAR + XERUNDIO (=A+INF)**. *Está a chover. Estaba cantando.*
- ***ANDAR + XERUNDIO (=A+INF)**: movemento continuado, prolongado. *Anda a preparar oposicións.*
- ***LEVAR + XERUNDIO (=A+INF)**: incide sobre o inicio. *Leva chovendo un mes.*
- ***SEGUIR + XERUNDIO (=A+INF)**: continúa un proceso anterior. *O Teucro segue a xogar ben.*
- ***IR + XERUNDIO**: progresivo. *A cousa vai indo a mellor.*
- ***VIR + XERUNDIO**: segue o anterior. *E ti de quen vés sendo?*
- b) **Perfectivas**: acción acabada, proceso concluído.
- ***ACABAR DE + INFINITIVO**. *Cando acabedes de charlar, poñédevos a estudar.*
- ***VIR DE + INFINITIVO**: Fin dun movemento. *Veñen de cantar en París.*
- ***DEIXAR DE + INFINITIVO**. *Cando deixe de chover, sairemos dar unha volta.*
- ***DAR + PARTICIPIO** en interrogativas e negativas: non se consegue rematar o proceso iniciado. *Eu non dou chapado todo ese librote. ¿Deches sabido onde vive?*
- ***LEVAR + PARTICIPIO**: matiz reiterativo. *Eu lévovos sufrido moito nesta vida, meus fillos.*
- ***TER + PARTICIPIO**: matiz reiterativo: non substitúe perfectamente o pretérito perfecto castelán. *Xa che teño dito que non quero probar o tabaco.*
- Tamén se poden considerar terminativas (fin dun proceso):
- ***CHEGAR A + INFINITIVO**. *Nunca chegou a se saber quen foran os asasinos.*
- ***ACABAR POR + INFINITIVO**. *Os criminais acabaron por se entregar.*
- ***VIR A + INFINITIVO**. *E así foi como veu a saberse quen fora o autor da trasnada.*
- c) **Reiterativas**: acción que se repite.
- ***VOLVER (A) + INFINITIVO**. *Se volves (a) tusir, estragarás o concerto.*
- ***TORNAR (A) + INFINITIVO**. *Foi recompensado por tornar (a) facer saídas difíciles.*
- d) **Incoativas**: proceso no seu inicio.
- ***BOTARSE A + INFINITIVO**. *Cando se botou a chover, fuximos a fume de carozo.*
- ***POÑERSE/PÓRSE A + INFI**. *Púxose a cantar unha pandeirada no medio do paraninfo.*
- ***ROMPER A + INFINITIVO**. *Ponlle un dente de allo cando rompa a ferver.*
- ***DAR EN + INFINITIVO**. *Era marabilloso, ata que deu en pincharse.*
- ***EMPEZAR A + INFINITIVO**. *Tápalle a boca, xa empeza a berrar.*
- ***COMEZAR A + INFINITIVO**. *Xa comezo a aborrecerme con tanta perífrase.*
- 4) **Pasivas**:
- ***SER + PARTICIPIO**. *Por fin, xa foron explicadas as máis importantes, que non todas.*

(Para ver as [perífrases ordenadas doutro xeito](#))

[\(EXERCICIOS SOBRE O VERBO en ogalego.eu\)](#)

XVI.-CUANTIFICADORES E IDENTIFICADORES

1.- Cuantificadores.

Algún (algunha, algúns, algunhas), alguén, algo, ningún (ningunha, ningún, ningunhas), ninguén, nada, un (unha, uns, unhas) varios/as, pouco (...), bastante/s, abondo (...), moito (...), ben, demasiado (...), máis, menos, tanto (...), todo (...), cada, ambos/as, entrambos/as.

2.- Identificadores.

Outro (...), calquera, quenquera, tal/es, mesmo (...), propio (...), certo (...) determinado (...).

Algún e outro contraen coas preposicións de, en. Algo e alguén non contraen.

XVII.- RELATIVO, INTERROGATIVO E EXCLAMATIVO

que, quen (invariables)

cal, cales

canto, a, os, as

cuxo, a, os, as

Ser quen a/de: ser capaz de.

XVIII.- NUMERAL

1.- Cardinais.

Cero, un/unha, dous/dúas, tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove, dez, once, doce, trece, catorce, quince, dezaseis, dezasete, dezoito, dezanove, vinte, vinte e un/vinte e unha, vinte e dous/vinte e dúas, trinta, trinta e un, trinta e unha, corenta, cincuenta, sesenta, setenta, oitenta, noventa, cen, cento un, cento unha, douscentos/duascentas, trescentos/as, catrocentos/as, cincocentos/as ou quiñentos/as, seiscentos/as, setecentos/as, oitocentos/as, novecentos/as, mil.

Cento, millón, billón, trillón, ducia, decena, centena, funcionan como substantivos.

2.- Ordinais.

Primeiro, segundo, terceiro, cuarto, quinto, sexto, sétimo, oitavo, noveno, décimo, undécimo ou décimo primeiro, duodécimo ou décimo segundo, décimo terceiro, vixésimo, trixésimo, cuadraxésimo, quincuaxésimo, sesaxésimo, septuaxésimo, octoxésimo, nonaxésimo, centésimo, milésimo, millonésimo.

3.- Multiplicativos.

Dobre (duplo/a), triplo/a, cuádruplo/a (cuádruplo/a), quíntuplo/a, séxtuplo/a.

4.- Partitivos.

Medio/a, terzo/a, cuarto/a, quinto/a, sexto/a, sétimo/a, oitavo/a, noveno/a, décimo/a, onceavo/a, doceavo/a, centésimo/a, milésimo/a, millonésimo/a.

Metade é un substantivo.

XIX.- ADVERBIO

É un vocábulo invariable que modifica o verbo (chegou tarde), o adxectivo (está ben cocido), un adverbio (viña moi lonxe) ou unha oración.

1.- Adverbios situacionais de lugar. onde? ullo,a,os,as?

aquí aí alí :repouso, estado
acó .. aló :movemento
acá .. alá :repouso e movemento
acolá: usado moito como 2º termo dunha oposición

dentro / fóra arredor // cerca-preto / lonxe
arriba-enriba-derriba-encima / abaixo-embraixo-debaixo
adiante-diante-/ atrás-detrás en fronte //velaí, velaquí
algures ningures xalundes

Algunhas locucións adverbiais: a carón, ao pé, á beira, a rente(s), á dereita, á esquerda, a desmán, a contramán..

2.- Adverbios situacionais de tempo. Cando?

antano, hogano sempre, decote asemade
antonte/trasantonte (antes de antonte), onte, hoxe, mañá, pasadomañá
antes, noutrora, agora-arestora, despois, outrora
aínda, xa mentres nunca, xamais (endexamais) xacando
antes, entón, logo, daquela, axiña cedo/tarde
arreo, pronto, seguido, sempre

Algunhas locucións adverbiais: de contado, de camiño, a deshora, ás veces, aos poucos, a cotío, a miúdo, á tardiña, de cando en vez, hoxe en día.

3.- Adverbios nocionais de modo. Como?

-Adxectivos: **alto, baixo, doado, só...**

-Adxectivos co sufixo *-mente*: **comodamente, facilmente, soamente.**

-**así, ben, mellor, como, gratis, mal, peor, engorde, paseniño, case, adrede...**

Algunhas locucións adverbiais: á/de presa, de vagar, a modo, a escape, ás carreiras, a eito, a feito, ao chou, ás toas, a treu, de balde, de socato, a mantenta, a tergo, ...

4.- Adverbios nocionais de cantidade e precisión. Canto?

abondo, algo, bastante, ben, canto, case, dabondo, demasiado, máis, menos, moito/moi, nada, pouco, só, tanto, xusto.

Algunhas locucións: a mares, ás mancheas, a encher, a esgalla...

5.- Negación-afirmación-dúbida.

Compórtanse sintacticamente de xeito diferente ao adverbio. Son as tres formas de presentar unha oración canto ao xuízo nela emitido: *negativo* (termo marcado), *positivo* ou *incerto*.

5.1.- Negación

5.1.1. **Total:** colócase **non** entre suxeito e verbo: *ti non vas*

-non si? = non? non é? tampouco ca! (categórico)

-Expletivo (non nega): *mira, se non é parvo..*

-nin.. nin..: coordinación negativa

5.1.2.- **Parcial:** un suxeito ou complemento negativo, non toda a oración.

nada, ningún, ningún, nunca, xamais.

5.2.- Afirmación. Se non hai marca negativa, calquera enunciado é de por si afirmativo (termo non marcado).

Nas respostas ha de repetirse o verbo: *chegaches cedo? - Cheguei.*

Reforzos da afirmación: **si, si que, abofé, de seguro, claro, así é, así mesmo, con certeza, de certo, tamén, efectivamente, certamente, xaora....**

5.3.- **Dúbida.** Vale para a afirmación e para a negación.
acaso, quizá-quizais-quizabes, ao mellor, talvez, se cadra, se callar, seica, disque, igual

[\(EXERCICIOS DE ADVERBIOS en ogalego.eu\)](http://ogalego.eu)

XX.-PREPOSICIÓN

É a clase de palabras invariables que serve para relacionar dous elementos da oración, sinalando a dependencia que hai entre eles. O sintagma que encabezan é a *frase preposicional*.

Clasificación formal:

1.- **Propias.**- Sempre funcionan como preposición: *a, ante...*

2.- **Impropias.**- Formalmente pertencen a outra categoría gramatical, mais poden funcionar como preposicións: *fóra, segundo, onde...*

3.- **Locucións prepositivas.**- conxunto de palabras que funcionan como unha preposición (a última sempre é unha preposición): *en vez de...*

a, ante/perante, ata/deica, baixo/so, cara, con contra, de, desde/dende/des, en, entre, para, por, sen, sobre, tras

Outras: **agás/bardante/menos/salvo, canda, cas, malia, segundo**

a carón de, ao pé de, a rente(s) de, a poder de, de par de, co gallo de, a/en prol de, por mor de, verbo de, alén de, encol de, en troques de, cabo de, en fronte de, no canto de ...

[\(EXERCICIOS DE PREPOSICIÓNNS en ogalego.eu\)](http://ogalego.eu)

XXI.- CONXUNCIÓN

1.- **Copulativas:** e, mais, nin, a mais, e mais

2.- **Distributivas e disxuntivas:** ou, ben...ben, cal...cal, nin...nin, ora...ora, quer...quer, xa...xa.

3.- **Adversativas:** mais, pero, senón, agás que, non obstante, porén...

4.- **Concesivas:** aínda que, a pesar de que, así, mesmo que, nin que, pese a que, por máis que, por moito que.

5.- **Condicionais:** se, con que, con tal que, caso de que...

6.- **Causais:** porque, que, dado que, pois, pois que, por causa de que, por mor de que, posto que, xa que...

7.- **Consecutivas:** conque, daquela, de aí que, de forma que, de maneira que, de xeito que, entón, logo, polo tanto, xa que logo...

8.- **Finais:** a fin de que, para que, que, en favor de que...

9.- **Locativas (lugar):** onde, onde queira que.

10.- **Temporais:** cando, antes de que, asemade, ata que, axiña que, cada vez que, desde que, despois de que, inda ben que, logo que, mal, mentres, mentres tanto, namentres, non ben, sempre que...

11.- **Modais:** como, como se, como queira que, conforme, consonte, segundo, sen que, tal e como...

12.- **Comparativas:** ca, que, coma, como.

13.- **Completivas (substantivas):** que, se.

[EXERCICIOS DE CONXUNCIÓNS en ogalego.eu](http://ogalego.eu)

XXII.- ANÁLISE SINTÁCTICA

****A **frase** (sintagma): núcleo e adxacentes (determinante, modificador)

-**fn frase nominal:** núcleo un substantivo ou pronome

-**fv frase verbal:** núcleo un verbo

-**fadx frase adxectiva:** núcleo un adxectivo

-**fadv frase adverbial:** núcleo un adverbio

-**fprep frase preposicional:** o 1º elemento é o relator –enlace- (preposición) seguido do termo (outra frase)

*** **Consellos para analizar os elementos dunha cláusula/proposición/oración:**

suxeito, núcleo do predicado, complemento directo, suplemento, complemento indirecto, complemento circunstancial, complemento predicativo, axente da pasiva, pronome de solidariedade, pronome de interese.

1.- Procuramos o **suxeito**, (quen? realiza a acción verbal) que ha de **concordar co verbo**. En moitos casos estará oculto (elidido) e hai verbos impersoais. *O sol sae por alí. Chove moito*

2.- Procuramos o **verbo (núcleo do predicado)**

2.1.- Se é un verbo copulativo (ser, estar, parecer, semellar), procuramos o **atributo**:
Helena está cansa

2.2.- O verbo é predicativo (resto dos verbos)

2.2.1.-Se o verbo é transitivo ha de levar **complemento directo** (que?). Se temos dúbidas de cal é o complemento directo podemos volver a frase a pasiva e o complemento directo resultará suxeito. Exemplo: *onte vinte na rúa = onte ti fuches visto por min na rúa*. En moitos casos o complemento directo é un pronome persoal.

2.2.2.- Se observamos que o verbo pide (nese significado) un sintagma preposicional teremos un **suplemento**: *o can bebía no leite*

2.2.3.- Procuramos o **complemento indirecto** (a quen? para quen?) nos verbos intransitivos (non é obrigatorio) e tamén o podemos atopar nos transitivos acompañando o complemento directo. En moitas oracións atoparemos un complemento indirecto **duplicado**, un pronome átono e outro sintagma: *deilles o mando aos meus pais*.

2.2.4.- O verbo é predicativo mais encontramos un adxectivo ou similar nunha función semellante ao atributo dos verbos copulativos..., estamos diante dun **complemento predicativo** (que podemos confundir cun complemento circunstancial de modo): *María quedou parada alí*.

2.3.- Procuramos o **complemento circunstancial** (cando? onde? como? canto?; adverbios, sintagmas preposicionais...): **tempo, lugar, modo, cantidade...**

2.4.- Se nos quedan pronomes persoais átonos que non son complemento directo nin indirecto, poderán ser de **solidariedade** ou **interese** (propios da lingua falada). *O pícaro non che me come nada estes días*

2.5.- Se a oración está en pasiva (ser+participio), podemos encontrar o **axente de pasiva** (encabezado pola preposición por): *Antón foi educado polos avós*

XXIII.- ANÁLISE DAS CLÁUSULAS/ORACIÓNS/PROPOSICIÓNS

0.- Modalidades: aseverativas, interrogativas, imperativas, desiderativas, exclamativas.

1.- Xustapostas: non hai nexo (pausa, coma)

2.- Coordinadas

- **copulativas** (e, mais, nin)
- **adversativas** (mais, pero, porén...)
- **disxuntivas** (ou, ben...)
- **distributivas** (ben... ben, xa... xa, ...)
- **explicativas** (é dicir, ou sexa...)

3.- Subordinadas

- **substantivas** (función de CD, CI, SUX, SUP, PRED, AT) (que, se)
- **adxectivas** (nexo relativo: que, cal...)
- **adverbiais**:

1.- **Función de CC:**

- **tempo** (cando, antes de que, asemade, despois de que, mentres...)
- **lugar** (onde)
- **modo** (como, segundo, consonte...)
- **cantidade** (canto)

2.- **Función non CC:**

- **comparativa** (ca, que, coma, como)
- **causal** (porque, dado que, posto que, xa que ...)
- **condicional** (se, con tal que ...)
- **consecutiva** (conque, de maneira que, de xeito que...)
- **concesiva** (aínda que, a pesar de que ...)
- **final** (para que, a fin de que ...)

[\(EXERCICIOS DE SINTAXE en ogalego.eu\)](http://ogalego.eu)

XXIV.-LÉXICO-SEMÁNTICA 1: A formación de palabras.

1.- **Derivación:** (*morfema*)+*lexema*+(*morfema*). É o procedemento máis común para formar palabras sobre unha primitiva.

1.1.- **Derivación prefixal.** A maioría dos prefixos son de orixe grega e latina:

- Prefixos **gregos:** *a/an-*, *arqui-*, *ex-*, *hiper-*, *peri-*...
- Prefixos **latinos:** *bis-*, *re-*, *extra-*, *vice-* ..

Moitos radicais grecolatinos funcionan como prefixos na lingua: *electro-*, *aero-*, *euro-*, *foto-*, *macro-* *neo-*, *tele-*, *radio-*, *video-*...

1.1.1.- Prefixos **apreciativos** (valor intensificador):

arqui-, *extra-* *hiper-*, *pre-*, *re-*, *sobre-* *super-*...

1.1.2.- Prefixos **nocionais** (modifican o contido do lexema):

negación: *a-*, *anti-*, *contra-*, *des/dis-*, *in-*...

lugar: *entre-/intra-*, *meta-*, *retro-*, *sobre/super-*, *sub*, *tras/trans*, *ultra*...

tempo: *ante-*, *pos-*, *pre-*...

cantidade ou tamaño: *bis/bi-*, *multi-*, *pluri-*, *semi-*, *uni-*...

1.2.- **Derivación sufixal.** O sufixo é un morfema ligado que serve para formar novas palabras.

1.2.1.- Sufixos **alterativos ou apreciativos**(achegan matices de tamaño ou afectividade):

- **diminutivos:** *-ñño* (valores afectivos, etc.), *-acho*, *-echo*, etc..
- **augmentativos:** *-ón*, *-án*, *-azo*, *-ata*, *-udo*...
- **despectivos ou pexorativos:** *-exo*, *-astro*, *-orra*, *-uza*, *-ete*...

intensificadores: *ísimo*, *érrimo*.

1.2.2.- Sufixos **nocionais**(forman novas palabras con significado diferente)

eiro: home/muller que exerce as funcións de..., colectivo ou conxunto de, lugar onde hai, profesión, plantas ou árbores, recipiente, etc.

a) Sufixos formadores de **substantivos:**

- desubstantivais: *-ado/a*, *-axe*, *-eiro*, *-ismo*, *-ista*...
- deadxectivais: *-dade*, *-eza*, *-ismo*, *-ume*...
- deverbais: *-ción*, *-deiro/a*, *-dela*, *-dor*, *-mento*...

Polo significado: colectivo (*-al*), *locativo* (*-al*, *-eiro*), acción (*-ación*, *-axe*), ocupación (*-eiro*, *-ismo*), doutrina (*-ismo*), etc...

b) Sufixos formadores de **adxectivos:**

- desubstantivais: *-al* *-és*, *-oso*...
- deverbais: *-ble*, *-nte*, *-ón/ona*...

Polo significado: caracterizador (*-ble*, *-az*, *-ado*), relativo ou pertencente a (*-al-* *ar*, *-exo*), xentilicio (*-és*, *-eiro*, *-an/ano/ao*)

c) Sufixos formadores de **verbos** (a maioría dos verbos fórmanse sobre a primeira conxugación):

- desubstantivais: *-ar*, *-ear*, *-izar*...

- deadxectivais: *-ar, -ear, -ecer, -ificar...*
- deverbais: *-iñar, iscar..*

d) Sufixos formadores de **adverbios**: *-mente*

A derivación pode tamén ser prefixal e sufixal (parasíntese).

2.- **A composición**: (*lexema+lexema*)

2.1.- **Imperfecta ou xustaposta**: os dous elementos conservan o seu valor e corpo fonético.

2.2.- **Perfecta ou aglutinada**: pérdese a noción de composición.

quebranos, lavalouza, salvavidas, gardalomas, bulebole, sapoconcho, beiramar, beirarrúa, lobishome, lobicán, augaforte, augardente, augamariña, camposanto, xordomudo, agridoce, clarividente

3.- **A parasíntese**: (**morfema**)+**lexema**+**lexema**+(**morfema**).

4.- Os **acrónimos**: palabras formadas con siglas ou iniciais.

NB.- **Familia léxica (campo léxico)**: conxunto de palabras derivadas, compostas e parasintéticas formadas a partir da mesma palabra primitiva. Este concepto está relacionado coa forma e non co significado.

XXV.- SEMÁNTICA 2

Estuda o significado das palabras. Os **semas** son os trazos significativos das palabras. O conxunto de palabras que teñen un ou máis semas comúns e algún oposto ou diferenciador forman un **campo semántico**.

Asentos: cadeira, banco, banquetta, sofá, escano, tallo. Semas: obxecto para se sentar as persoas, con respaldo, para unha persoa, con brazos, con patas, baixo...

A organización dos campos semánticos non ten por que ser permanente no tempo e universal en todas as linguas.

A *denotación* móstranos os semas que configuran a palabra sen ter en conta o contexto, é o significado obxectivo. Pola contra, a *connotación* ten en conta o contexto e fai referencia aos elementos subxectivos.

Non sempre se corresponde un significante cun significado, hai diferentes relacións entre as unidades semánticas que favorecen a comunicación:

1.- **A sinonimia**: un significado ten varios significantes.

Os sinónimos perfectos son moi escasos, sempre hai matices de uso, afectivos, etc.

2.- **A antonimia**: oposición de significados.

2.1.- **Complementarios ou privativos**: exclúense un ao outro, non admiten graduación, comparación.

2.2.- **Antónimosgraduais**: non se exclúen totalmente, hai graos intermedios.

2.3.- **Inversos ou recíprocos**: son dous aspectos dunha mesma relación ou concepto, a presenza dun supón a existencia do outro.

Pola súa formación poden ser léxicos (palabras diferentes) ou gramaticais (mediante prefixos).

3.- **A polisemia**: un significante ten varios significados.

É beneficiosa para a lingua xa que reduce o número de palabras para memorizar.

As principais causas de polisemia son:

- A linguaxe figurada: *ollo, cabeza*.

- A especialización nun medio social: *fondo, operación*.

- Os cambios de aplicación: *niño*.

4.- **A homonimia**: sincronicamente é un significante con varios significados, mais diacronicamente son tamén diferentes significantes.

4.1.- Homonimia absoluta: río, cal

4.2.- Homonimia parcial:

Homófonos (non homógrafos): pronúncianse igual pero escríbense de xeito diferente.

Homógrafos (non homófonos): escríbense igual pero pronúncianse de xeito diferente.

A homonimia pode ser provocada pola evolución fonética converxente ou polos préstamos doutras linguas.

5.- **As relacións de inclusión ou xerarquía**:

5.1.- **Hiponimia**: é a relación de significado entre un termo máis específico (subordinado) e outro máis xeral: can-animal, caravel-flor, león-mamífero (hipónimo-hiperónimo)

5.2.- **Hiperonimia**: é a relación de significado entre un termo máis xeral e outro máis específico.

5.3.- **Cohiponimia**: é a relación entre hipónimos dun mesmo hiperónimo.

6.- **Os cambios semánticos**: mudanzas de significado. As causas son variadas:

Lingüísticas: contaxio, elipse. *Históricas*: pluma. *Socio-culturais*: vándalo.

Psicolóxicas: sobre

[EXERCICIOS DE LÉXICO E SEMÁNTICA en ogalego.eu](http://ogalego.eu)

XXVI.-FONOLOXÍA

A **fonética** é a ciencia que estuda os sons.

A **fonoloxía** é a ciencia que estuda os fonemas.

O **fonema** é o elemento mínimo distintivo.

Fonema vocálico : pode formar sílaba só e o aire sae pola boca sen ningún obstáculo.

Fonema consonántico : non pode formar sílaba só e o aire atopa obstáculos ao saír.

A sílaba

A sílaba é cada un dos golpes de voz con que se articula a palabra

O **núcleo** é sempre unha vogal, é obrigatorio

A **marxe** non é obrigatoria.

Marxe explosiva : anterior ao núcleo. Marxe implosiva : posterior ao núcleo.

Sílabas **libres** son aquelas que acaban en núcleo e **trabadas** as que acaban en marxe silábica.

Atendendo ao acento, as sílabas poden ser **tónicas** ou **átonas**.

1.- Sistema vocálico do galego

1.1.- **En posición tónica**: sistema de sete fonemas.

Modo de art.↓	Lugar de art.→	ANTERIOR	CENTRAL	POSTERIOR
		Palatal	media	velar
PECHADA		/i/		/u/

MEDIA	pechada	/e/		/o/
	aberta	/ɛ/		/ɔ/
ABERTA			/a/	

/a/: central, aberta.

/ɔ/: posterior, media aberta.

/o/: posterior, media pechada.

/u/: posterior, pechada.

/i/. anterior, pechada.

/e/: anterior, media pechada.

/ɛ/: anterior, media aberta.

Cando se quere marcar ortograficamente o timbre da tónica, acentúase sempre a aberta : *Fóra-fora, óso-oso, bóla-bola, pódo-podo, córvo-corvo, póla pola, vés-ves, pé-pe, pélo-pelo, néto-neto, présa-presa*

Algúñas indicacións para sabermos se a tónica media é aberta ou pechada:

a) As palabras rematadas en vogal tónica acostuman ser abertas: avó, bebé ...

b) As tónicas rematadas en **-el**, **-ol** acostuman ser abertas: papel, español (mais: el, aquel)

c) Boa parte da secuencia **on** é pechada (lambón, monte) e **en** aberta (ninguén, ben)

d) A vogal temática dos verbos da 2ª conxugación é pechada: lamber, lambedes

e) Nos verbos con alternancia vocálica no radical, a vogal é aberta na 2ª, 3ª e 6ª persoas do presente de indicativo: segues, dorme, foxen

Verbos en **-er** que teñen **-e-** ou **-o-** como últimas vogais do radical. Na 2ª, 3ª e 6ª do presente de indicativo presentan a vogal aberta: bebes, bebe, beben, comes, come, comen

f) As vogais equivalentes aos ditongos **ie**, **ue** en castelán acostuman ser abertas: pé, ovo.

(**IMPORTANTE**: no exame de Selectividade non deixar nunca en branco a abertura das tónicas **e**, **o** xa que sempre hai un 50% de posibilidades de acertar; ademais en moitos casos acaban dando como válidas as dúas posibilidades por existiren na fala)

[O Dicionario da Real Academia Galega](#) pode axudar coa pronuncia das palabras

1.2.- **En posición átona** (non final): non hai oposición de medias abertas-pechadas

Sistema de **cinco** vogais :

/i/: anterior, pechada /E/: anterior, media /a/: central, aberta

/O/: posterior, media /u/: posterior, pechada

pero : *botar/votar, poliña/poliña*

1.3.- **En posición final** (átona): sistema de **tres** vogais : /E/ /a/ /O/

O **ditongo** é combinación de dúas vogais. Unha delas é forte (núcleo silábico) e a outra feble (marxe silábico)

Os ditongos poden ser **crecentes** ou **decrecentes** :

- crecentes : marxe+núcleo, a 2ª é forte. *Piano, fiesta, miolo, cuarto, tenue, triduo*

- decrecentes : núcleo+marxe, a 2ª é feble. *Caixa, niveis, queixo, Roi, coita, causa, eu, veu, pouco, pediu*

Os **tritongos** son combinacións de tres vogais (feble+forte+feble). Son escasos : *denunciou, policiais, viei*

2.- Sistema consonántico do galego.

Modo de art.↓	BILABIAL	LABIODENTAL	DENTAL	INTERDENTAL	ALVEOLAR	PALATAL
Lugar de art.→						
Oclusivas	/b/		/d/			
Sonoras						

	Xordas	/p/		/t/			
Fricativa	Xordas		/f/		/θ/	/s/	/ʃ/
Africada	Xorda						/tʃ/
Nasal	Sonoras	/m/				/n/	[ɲ]
Lateral	Sonoras					/l/	/ʎ/
Vibrante (sonora)	Golpeada					/r/	
	Vibrante					/r/	

/b/: oclusiva, bilabial, sonora. Grafemas *b, v*

/d/: oclusiva, dental, sonora.

/g/: oclusiva, velar, sonora. Grafemas: *g (+a,o,u), gu (+e,i)*. Gheada dialectal.

/p/: oclusiva, bilabial, xorda.

/t/: oclusiva, dental, xorda.

/k/: oclusiva, velar, xorda. Grafemas: *c (+a,o, o), qu (+e,i), k (ab. e estranxei.)*.

/f/: fricativa, labiodental, xorda.

/θ/: fricativa, interdental, xorda. Grafemas: *z (final, +a,o,u), c (+e,i)*. Seseo dialectal.

/s/: fricativa, alveolar, xorda.

/ʃ/: fricativa, palatal, xorda. Grafema *x*.

/tʃ/: africada, palatal, xorda. Grafema *ch*.

/m/: nasal, bilabial, sonora.

/n/: nasal, alveolar, sonora.

[ɲ]: nasal, palatal, sonora. Grafema *ñ*.

/ŋ/: nasal, velar, sonora. Grafema *nh*.

/l/: lateral, alveolar, sonora.

/ʎ/: lateral, palatal, sonora. Grafema ll (moi escasa nos falantes).

/r/: golpeada, alveolar.

/r/: vibrante, alveolar. Grafema *r* (inicial, despois de *n,s,l*) ou *rr*.

Existen alófonos e neutralizacións.

3.- A entoación. É como a música, o ritmo da frase.

O **tonema** é a unidade melódica mínima (desde a sílaba tónica ata a pausa). Pode ser horizontal, ascendente ou descendente.

Os tonemas van formando grupos melódicos separados por pausas.

Aprobaches o exame ? Dáme a revista! Colleu o chaveiro, os cartos e o pano.

O **campo de entoación** dunha lingua é a máxima distancia entre o ton dos tonemas ascendentes máis agudos e o dos descendentes máis graves (o do galego é máis amplo có do castelán e máis reducido có do portugués brasileiro).

4.- O acento

O acento é a maior intensidade articulatória que recae sobre unha sílaba.

Ten valor distintivo : *maza, temera*

[EXERCICIOS DE FONEMÁTICA en ogalego.eu](http://www.ogalego.eu)

[Dicionario DE PRONUNCIA da lingua galega](#)

XXVII. DIALECTOLOXÍA

Malia a grande unidade do galego falado acostuman diferenciarse tres grandes bolques dialectais baseándose nunhas poucas *isoglosas* (liñas que marcan unha forma diferente

de dicir algo no territorio). Dentro dos bloques poden sinalarse tamén áreas máis pequenas.

1.-Bloque Oriental:

- cais (cans), pantalóis (pantalóns), ladrois (ladróns) -plural-
- camín (camiño), paxarín (paxariño) , vecín (veciño) –iño-
- cuatro (catro), cuando (cando), guardar (gardar) –ditongo –ua
- baxo (baixo), caxa (caixa)

Áreas: asturiana (artigo el/l', avolo, mulin –avó, muíño-) //ancaresa (vogais nasais) // zamorana (collí, partí –collín, partín)

2. Bloque central:

- non seseo: luz, dez, empezar, dicir
- -ao: mao, irmao, chao (man, irmán, chan) –sufixo-
- cas (cans), leós (leóns) ladrós (ladróns), calcetís (calcetíns) –plural-
- algunha gheada

Áreas: mindoniense: cimo (grelo), golpe (raposo). lucu-auriense: come (cume), bibe (bebe)

3. Bloque occidental:

- gheada: logho (logo), amigha (amiga), Lugho (Lugo)
- seseo total: disir (dicir), cosiña (cociña), des (dez). Seseo só final de sílaba: lus (luz) mais facer
- man, irmán, castelán, chan –sufixo-
- uns, algúns, leóns, calcetíns –plural-

Áreas: fisterrá: cheísmo (só che pronome) // pontevedresa // Baixo Miño (teísmo)

[-Exercicios prácticos na web](http://ogalego.eu) ogalego.eu

-Na [páxina do Arquivo Sonoro de Galicia](#) pódese escoitar ou descargar textos dialectais

-Selección de anacos de Ben Falado: [falas galegas](#)

1. EXAMES PROPOSTOS POLA CIUGA NO CURSO 2009-2010 e Criterios de corrección

OPCIÓN 1

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír

da casa botoulle unha ollada ao retrato.

Os americanos xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor e canto máis se achegaba o americano máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai, o americano pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de quere-lo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dá-lle que aquel era o seu pai. O rapaz debecíase por bicalo a fartar. Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o americano pasou de largo e nin tan sequera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno. Migueliño escolleu así moitos máis que non eran e a todos quixo tolamente. E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazado a súa nai. Era un home que non se parecía ao retrato; un home moi fraco, metido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

A. R. Castelao, *Cousas*.

1. Por que cres que Migueliño, a pesar de que “sabía cos ollos pechados como era o seu pai”, o confunde reiteradamente con outros americanos e finalmente non o reconece? Apoia a túa resposta con referencias explícitas ao propio texto. [1 punto] Valorarase unha resposta que vaia alén da argumentación máis obvia das diferenzas físicas provocadas polo paso do tempo e repare nos efectos que na apreciación do neno ten a súa idealización da figura paterna (vid. p. ex., “Os seus ollos esculcaban en procura do pai ensoñado”).

2. Que idea cres que nos intenta transmitir o autor con esta anécdota? Cal é a visión que nos dá Castelao da emigración neste texto? [1 punto] Espérase que o/a alumno/a saiba captar a intencionalidade do texto máis alá da anécdota concreta así como a visión crítica que o autor nos dá do fenómeno da emigración como traxedia individual e social.

3. Galicia pasou en poucos anos de ser país de emigración a receptora de inmigrantes. Compara ambos os fenómenos e reflexiona acerca da imaxe que temos hoxe en Galicia sobre a inmigración e da que había antes sobre a emigración de galegos a outras terras (extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]

Valorarase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagregaranse en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a “orixinalidade” gratuita. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e. g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das

construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase non só o correcto dominio da ortografía senón tamén dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar. No caso de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

4. Na liña 4 aparece a terminación -án (peirán) característica dun determinado bloque dialectal do galego. Identifica ese bloque e sinala outras tres características propias desa zona. [1 punto] Pola correcta identificación do bloque (occidental): 0.4 puntos. Por cada unha das características propias da zona: 0.2.

5. Analiza sintacticamente: O rapaz debecíase por bicalo a fartar (l. 12). [1 punto] Valorarase a correcta identificación das funcións oracionais e das categorías ou unidades sintácticas que as desempeñan. Admítase calquera modo de representación da análise así como as diversas terminoloxías, sempre que se empreguen de xeito coherente. Ítems de referencia na corrección:

1. O rapaz: FN - Suxeito

2. Debecíase: Verbo - Predicado (ou Núcleo da FV-Predicado)

3. Se: Olo: trátase dun se léxico (v. pron.), que non desempeña función sintáctica ningunha

4. Por bicalo a fartar: FPrep - Complemento preposicional (ou suplemento ou terminoloxía afín)

5. Bicalo a fartar: Oración (ou FV) - Termo/Complemento... da FPrep.

6. Bicar: Verbo - Predicado (ou Núcleo da FV-Predicado)

7. -lo (=o neno): Pron. (ou FN) – CD

8. A fartar: Loc. Adv. – CCIRC de Cantidade (de bicar, non de debecíase!)

—Pola correcta identificación das funcións: 0.8 puntos = 0.1 por cada ítem. (No ítem 3 sumárase cando non se atribúa función sintáctica ningunha ao clítico)

—Pola correcta identificación das categorías ou tipos de unidades: 0.2 puntos no conxunto da análise.

6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras). [1 punto]

a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

b) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas. A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu propio texto de maneira personalizada. Penalizaranse (ata 0.25 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non-persoais.

7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]

a) A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.

b) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.

Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- a) Información acerca do contexto (acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias, etc.)
- b) Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores.
- c) Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Non se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras. A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu propio texto de maneira personalizada. Penalizaranse (ata 0.5 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non-persoais.

OPCIÓN 2

Coa ofensiva chegaran algúns personaxes novos, sobre todo cooperantes. Un deles estívome explicando o pésima que era a información que se recibía en España sobre o conflito. O feito de que eu fose, entre moitos outros, un dos que escribían esa información, non pareceu afectarlle o máis mínimo. Para el, os xornais estaban cheos de mentiras e manipulacións. Que xornais lía? En realidade, confesou, ningún. Por que? Porque estaban cheos de mentiras e manipulacións. Tiña outras fontes de información? Non, en realidade non. Pero intuitivamente, sabía que o que contabamos, fose o que fose, era mentira. É curioso canta xente hai no mundo que pensa deste xeito. A miúdo riamos cavilando na realidade do traballo dun correspondente nun conflito. Parecía que só nós sabíamos que tratar de decatarse de algo en medio do caos informativo, as limitacións físicas e de tempo, eran factores de distorsión da información moito maiores que a presión da liña editorial dos nosos xornais que, se existía, era errática e fácil de esquivar. Escapulinme del e sumeime ao grupo dos xornalistas. Estaban bébedos, falando en serio de organizar nós tamén un equipo de fútbol para enfrontarse ós espías. Estabámolo pasando todos ben, mais, inevitablemente, non eramos quen de gozalo. A guerra volvía unha e outra vez ás conversas, aínda que intentásemos escorrentala, polo menos por unha noite, como quen intenta escorrentar unha mosca.

M. A. Murado, *Fin de século en Palestina*.

1. Sinala de maneira xustificada cal é a intención do autor do texto: [1 punto]

- a) Denunciar a manipulación da información nos medios de comunicación
 - b) Denunciar as guerras que afectan á humanidade
 - c) Denunciar o tópico de que os medios de comunicación manipulan a información
- Espérase que o/a alumno/a sexa quen de identificar a intencionalidade do texto entre as tres opcións propostas. Pola identificación da opción correcta (c): 0.5 puntos. Pola adecuada xustificación da escolla: 0.5 puntos.

2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: manipulación (l. 4), intuitivamente (l. 6), correspondente (l. 8), errática (l. 11), escapulirse (l. 12). Non son válidas as respostas só con sinónimos. [1 punto]

Por cada palabra ben definida concederanse 0,2 puntos.

Preténdese valorar que o/a alumno/a coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que sexa quen de explicar este significado. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa, mais non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou a tradución a outra lingua.

3. Redacta un texto sobre as posibilidades que teñen os xornalistas de ofrecer unha información obxectiva nos medios de comunicación. (extensión aprox. 200-250

palabras) [3 puntos]

Criterios de corrección: véxase opción 1.

4. Estabámolo pasando todos ben (l. 14): Segmenta os constituíntes morfolóxicos das palabras que integran esta oración e identifica o valor de cada un deles. [1 punto]

Est(a)/bá/mo/lo pas(a)/ndo tod/o/s ben (total: 10 ítems)

0.1 puntos por cada morfema correctamente segmentado e identificado. Se a identificación do valor non é correcta, 0.05 puntos. Non se considerará resposta completa indicar, p. ex., “ba: sufixo (ou morf. flex.) de tempo e modo”; debe especificarse: “sufixo (ou morf. flex.) de tempo e modo: pret. imperfecto de indicativo”. No caso dos verbos considerárase igualmente correcta a análise delimitando ou sen delimitar a vogal temática como morfema de seu (é dicir, est/a- ou esta-; pas/a- ou pasa-); en calquera caso puntuarase 0.1 por ítem.

5. Fíxate ben: Que xornais lía? (l. 4) e Tiña outras fontes de información? (l. 5-6) son oracións interrogativas de dúas clases distintas. Que diferenzas hai entre un e outro tipo de preguntas? [1 punto]

Espérase que identifique as diferenzas de forma e contido entre as chamadas interrogativas totais e parciais (ou polarizadas e non polarizadas). Máis que a precisión na terminoloxía con que se denominan, interesa a correcta presentación desas diferenzas. Asignarase un máx. de 0.5 puntos por cada interrogativa ben descrita. (V. NOTA FINAL)

6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras). [1 punto]

a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

b) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

Criterios de corrección: véxase opción 1.

7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]

a) A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.

b) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.

Criterios de corrección: véxase opción 1.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. Estes poderán ser:

- Moi graves: Solucións alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0,2 puntos c/u.

- Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica.... Desconto 0.1 c/u.

- Leves: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica.

Desconto 0.05 puntos c/u. Os castelanismos terán consideración, segundo os casos, de erros graves (ex. calle) ou leves (ex. peine)

Estas penalizacións non se aplicarán sobre a pregunta 3, xa que van incluídas na propia valoración da pregunta.

NOTA: As preguntas nº 5 de ambas as opcións presentan **dous tipos de orientación posible nas cuestións de gramática**. A da opción 1 é unha análise sintáctica tradicional. Por contra, a da opción 2 ten unha orientación de gramática comunicativa / comprensiva, máis adecuada para a avaliación da capacidade de reflexión

metalingüística.

No exame poderán formularse preguntas dun ou doutro tipo (e, obviamente, pode ser o caso de que nalgún exame non haxa ningunha pregunta de sintaxe!). Para orientación do profesorado, preséntanse a seguir exemplos de posibles tópicos gramaticais formulados desde esta orientación comunicativa, na liña do que aparece na opción 2 do modelo de exame:

- Comenta as diferenzas formais (/sintácticas) e de contido entre a seguinte parella:

María leu o libro / O libro foi lido por María

- Comenta as diferenzas formais (/sintácticas) e de contido entre a seguinte parella:

María comeu o queixo / María comeu no queixo

- Comenta as diferenzas formais (/sintácticas) e de contido entre as seguintes oracións:

María é alta / María é a alta / María está alta

- Comenta as diferenzas de contido entre as variantes (a, b e c) que seguen. Refírete tanto aos verbos (estar, ir) como ás frases que aparecen tras eles. Que función dirías que desempeña cada unha delas? (María non puido vir porque...) a) está vella, b) vai vella, c) vai a un bautizo

Que tipo de resposta se espera? O que se demanda neste tipo de preguntas vén ser sempre a fin de contas un comentario de: a) as diferenzas formais / sintácticas entre exemplos dados e b) as diferenzas de contido que esas diferenzas formais expresan. Así, na primeira das opcións propostas (María leu o libro / O libro foi lido por María) espérase unha caracterización das activas fronte ás pasivas partindo das diferenzas formais (como son?) e chegando ás diferenzas funcionais ou de contido (que expresan?, para que se usan unhas e outras?). Concretamente:

—Caracterización formal: o CD da activa pasa a SU da pasiva; o SU da activa pasa a CAx da pasiva, con por (ou non aparece; cousa que non ocorre no exemplo); verbo coa forma “ser + participio”.

—Caracterización funcional: a voz como mecanismo para mudar a orientación comunicativa da mensaxe: dicimos María leu o libro cando estamos a falar de María; dicimos O libro foi lido por María cando do que falamos é do libro. (i. e., muda o Tema; non é estritamente necesario empregar o tecnicismo). [Tamén se podería aludir á pasiva como mecanismo para construír oracións impersoais, omitindo o CAx (O libro foi lido); pero como o exemplo dado non é impersoal, non sería unha información necesaria para considerar correcta a resposta]

Máis propostas de modelos de exame en maio de 2010 LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN 1

*Non morrerei na casa en que nacín,
nin talvez na parroquia, e outra lousa
conxelará o meu nome sobre min
lonxe do sitio onde meu pai repousa.*

*Non cantarán para min as rumorosas
carballeiras da infancia (se aínda quedan),
nin aquel vento gastará as piadosas
letras que contra o olvido me concedan.*

*¿Quen saberá daquela onde estou eu,
se esta cadea non se continúa*

*que prende un home á terra en que naceu
e onde é xa terra tanta xente súa?*

*¿Onde estarán os netos dos **meus** fillos
cando o **meu** corpo críe xa pampillos?*

Dario Xohán Cabana, *Canta de cerca a morte*, 1994

- 1.- Ponlle un título a este poema e fai unha síntese del. [1 punto]
- 2.- Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *lousa* (verso 2), *repousa* (verso 4), *carballeiras* (verso 6), *concedan* (verso 8), *pampillos* (verso 14). Non son válidas as definicións só con sinónimos. [1 punto]
- 3.- Expón a túa opinión sobre as vantaxes e inconvenientes de que nos desvinculemos do lugar onde nacemos e onde temos os nosos pais. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
- 4.- Fíxate nos catro posesivos que aparecen destacados no texto (en negriña e subliñados) e responde as seguintes cuestións: [1 punto]
 - a) Cal é a razón de que un deles non vaia precedido de artigo? Sería correcto que o levase?
 - b) Os outros tres posesivos que levan artigo: poderían ir sen el nalgún caso? Por que?
- 5.- Localiza no texto catro elementos que desempeñen a función de obxecto directo. [1 punto]
- 6.- Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a/b) Poñer dúas preguntas da listaxe de sociolingüística vixente
- 7.- Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a/b) Poñer dúas preguntas da listaxe de literatura vixente

OPCIÓN 2

Iqbal Masih tiña como única posesión os seus doce anos. Aos catro foi vendido por 600 piastras —menos de quince dólares— para traballar nas industrias tecelás do Paquistán. Iqbal tecía alfombras durante doce horas ao día a cambio de tres centavos. Un día, o pequeno rompeu os fíos que o ataban ás tecedeiras e converteuse na voz da denuncia dos millóns de nenos escravos do mundo. Cos premios recibidos abriu unha escola na que quería aprender para facerse avogado. A súa loita fixo que pecharan varias empresas nas que traballaban como escravos nenos e nenas pero, tamén, que puxeran prezo á súa pel.

O día 16 de abril de 1995, Iqbal caeu abatido a balazos polas costas cando pedaleaba na súa bicicleta. As mafias tapiceiras paquistanís non perdoaron a súa voz, unha voz que xa se escoitara internacionalmente, mesmo na ONU. Dende entón, o día 16 conmemórase en todo o mundo o día internacional contra a escravitude infantil.

A trágica historia de Iqbal non é, por desgraza, unha excepción. Segundo Unicef, no mundo hai uns 250 millóns de cativos forzados ao traballo. Minas, canteiras, tabaqueiras, fábricas de tixolos, tecedeiras, o agro... Os corpos infantís son utilizados como man de obra barata para satisfacer a fame insaciable do capitalismo. Nenos-soldado. Nenas-prostitutas. Nenas-obreiro. Nenos-sida. Nenos-venda de órganos. Nenas-pegamento. Nenos-rúa. McDonalds e Disney son citadas pola Axencia

de Información para América Latina como multinacionais que empregan a menores para fabricaren xoguetes. Os nenos dos países subdesenvolvidos cosen as pequenas pezas coas que os nenos occidentais tecen os seus soños. Os alicerces da ilusión.

Rosa Aneiros, *El Progreso*, 18-04-2006.

- 1.- Sinala a estrutura do texto. [1 punto]
 - 2.- Indica, de maneira xustificada, cal é a intención principal da autora do texto: [1 punto]
 - a) Denunciar a trágica historia de Iqbal Masih.
 - b) Denunciar a inxustiza da explotación e a escravitude infantil.
 - c) Amosar as diferenzas entre a vida dos nenos nos países pobres e nos ricos.
 3. Expón de xeito crítico a túa opinión sobre as ideas que aparecen no texto. Ten en conta tamén as vantaxes que as prácticas descritas supoñen para a nosa vida cotiá. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
 - 4.- Defíne os fonemas consonánticos que atopas nas seguintes palabras: *fixo* (líña 6), *prezo* (líña 7). [1 punto]
 - 5.- Analiza sintacticamente a seguinte oración: *O pequeno rompeu os fíos que o ataban ás tecedeiras e converteuse na voz da denuncia.* [1 punto]
 - 6.- Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a/b) Poñer as mesmas preguntas da opción 1
 - 7.- Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a/b) Poñer as mesmas preguntas da opción 1
- NOTA: Os números de liña corresponden ao documento orixinal do exame (setembro 2008)
que se pode atopar en CiUG >Probas de acceso > PAU LOE > Exames e solucións > 2008.

POSIBLES PREGUNTAS ALTERNATIVAS:

A modo de exemplo, na opción 2, no canto das preguntas 4 e 5 (gramática) propostas poderían

poñerse outras como as seguintes (a primeira era unha das que aparecían no exame de 2008):

4.- *Avogado* (líña 6), *soldado* (líña 16) e *obreiro* (líña 16) pertencen ó mesmo campo semántico.

Indica outros 10 termos que pertenczan a este mesmo campo semántico.

5. Comenta o uso de preposición *a* e a posibilidade de suprimila no seguinte exemplo: *As multinacionais empregan a menores para fabricaren xoguetes* (líña 19)

EXAMES DAS PAU DE 2010

LINGUA GALEGA E LITERATURA II.

XUÑO 2010 PAU

OPCIÓN 1

Era un cabalo sumarísimo, sen máis **órganos** que os estritamente indispensables para a

locomoción, sen ningún de nutrición, que sen dúbida perderá por non lle seren útiles, por seren se cadra indignos do cabalo **perfecto**, que nin debe comer, nin beber, nin arder, senón somentes correr: un cabalo reducido a unha soa función, un cabalo rigorosamente científico.

Era un cabalo pantasma, tan lixeirísimo na súa masa coma nos seus movementos. Sostíñase nas súas catro patas por un verdadeiro milagre de levitación, e tan pouco pesaba que non deixaba na terra a marca das pisadas. Voaba como unha palla no vento... Moralmente era un **asceta** o cabalo do médico de Abrantes. Pode que antes tivera pecado moito, mais de tódolos xeitos foi para el unha Tebaida expiatoria e santa. Facer, fixo **méritos de abondo** para conquistar un ceo, ou polo menos un limbo axeitado á súa alma de besta padecente. Era un faquir que vivía do xaxún, única mantenza que lle daba a Providencia, que o que é o médico non lle daba senón traballo.

Aquela **besta** heroica viviu en Abrantes a epopea da fame, sen protesta, sen unha queixa, sen rincho nin couce... ninguén soubo apreciar as virtudes excelsas daquel ser singular.

Vicente Risco, *Os europeos en Abrantes*, 1927

1. Sinala a estrutura do texto, indicando os núcleos de contido de cada parte (1 punto)
2. Indica, de maneira xustificada, cal cres que é o punto de vista que adopta o autor na descrición do cabalo: a) obxectivo e realista; b) subxectivo e idealizado; c) irónico e humorístico. (1 punto)
3. Elabora un breve relatorio expoñendo o cambio nos usos do cabalo no paso da sociedade tradicional á moderna; compárao co caso dos seus parentes o asno e a mula. (Extensión aprox. 200-250 palabras) (3 puntos)
4. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: órganos, perfecto, asceta, méritos, abondo, besta. (1 punto)
5. Identifica as dúas seguintes construcións sintácticas e responde (1 punto)
(a) *sen máis órganos que os estritamente indispensables*
(b) *tan lixeirísimo na súa masa coma nos seus movementos*
Sería posible que aparecesen en vez de *que* e *coma* outros nexos? Cales?
Xustifica a resposta.
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) (1 punto):
a) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
b) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) (2 puntos):
a) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
b) O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o grupo de Ribadavia.

OPCIÓN 2

Se hai uns anos a pregunta era se leríamos libros nunha pantalla, a de hoxe só pode ser cando será esa a opción maioritaria. Os movementos que se están a producir entre os fabricantes de aparellos, os xigantes de internet e as editoriais de todo o mundo apuntan a que este Nadal o ebook vai facer a súa aparición estelar nos sacos dos Reis Magos. Aparellos de 200 gramos preparados para amosar dez mil páxinas sen recargar a batería. En decembro medio cento de e-readers diferentes dispoñibles.

É probable que o ebook nunca substitúa o libro en papel, pero está claro que **copará** unha **cota** de mercado crecente. Por iso os editores galegos teñen que moverse se canto antes. Cando a porción galega de avanzados tecnolóxicos adquira os seus e-readers, que lecturas atopará no seu idioma? Por agora, poucas. Se esa primeira **fornada** de usuarios non dispón de novidades literarias e títulos de interese en galego, vainos ler noutras linguas. E será un **lastre** que se pode arrastrar moito tempo. É mellor non chegar tarde para non ir un paso por detrás, porque no salto ao libro electrónico non se trata só de gañar novos lectores para o galego, senón tamén de non perder os actuais.

É probable que isto non ocorra hoxe, pero si mañá, para o que hai que preparar xa o escenario. Agardemos que cando vostede, lector, adquira o seu e-reader, poida contar cun bo **feixe** de novidades en galego.

Moisés Álvarez, en *Novas de libros*, nº 6 (novembro 2009)

1. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. (1 punto)
2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *copar*, *cota*, *fornada*, *lastre*, *feixe*. (1 punto)
3. Expón de maneira argumentada a túa opinión acerca de se o libro electrónico substituirá ou non o libro en papel ou en que medida o fará. (Extensión aprox. 200-250 palabras) (3 puntos)
4. Sinala os valores das cinco formas se subliñadas no texto. (1 punto)
5. *Ebbok* e *e-reader* son asemade neoloxismos e anglicismos. Responde (1 punto)
 - (a) Define “neoloxismo” e “anglicismo”
 - (b) Sinala as formas patrimoniais correspondentes a *ebbok* e *e-reader*
 - (c) Escribe outros catro anglicismos pertencentes ao mundo da informática.
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) (1 punto):
 - a) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
 - b) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) (2 puntos):
 - a) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
 - b) O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o grupo de Ribadavia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

PAU LINGUA GALEGA E LITERATURA II: xuño 2010

OPCIÓN 1

Pregunta 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a capacidade do alumno/a para captar a estrutura do texto e identificar os núcleos de contido correspondentes a cada parte, así como a súa organización xerárquica. **Pregunta 2:** 1 punto

Preténdese avaliar a capacidade do alumno/a para captar a intencionalidade e o sentido do texto máis alá da súa literalidade e para percibir a actitude irónica e humorística que adopta o autor. Concederáse 0.50 puntos pola correcta identificación do punto de vista (c) e ata 0.50 pola xustificación. **Pregunta 3:** 3 puntos

Valorarase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos **desagregaranse en tres tramos de 1 punto** cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a “orixinalidade” gratuíta. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión *manifestamente* menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

Pregunta 4: 1 punto

Restarase 0.20 puntos por cada ítem mal respondido, sen que en ningún caso poida resultar unha puntuación global negativa (ex.: 1 fallo = 0.8 puntos; 2 fallos = 0.6 [...] 5 ou 6 fallos = 0 puntos)

—Tónicas abertas: *órganos, perfecto, méritos*. —Tónicas pechadas: *asceta, abondo, besta*.

Pregunta 5: 1 punto

—Pola identificación das construcións comparativas (de superioridade e igualdade): 0.20 por cada construción.

—Pola identificación ben xustificada dos nexos alternativos en cada construción: 0.30 por cada construción.

— sen xustificación ou mal xustificada: 0.15 por cada construción.

Pregunta 6: 1 punto

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame.

Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas.

A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu propio texto de maneira personalizada.

Penalizaranse (ata 0.25 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non-persoais.

Pregunta 7: 2 puntos

Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias...

b) Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores.

c) Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da

literatura galega.

Non se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras.

A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu propio texto de maneira personalizada.

Penalizaranse (ata 0.5 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non-persoais.

OPCIÓN 2

Pregunta 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a capacidade de comprensión analítica do texto por parte do alumno/a a través da identificación das ideas do texto e da súa xerarquización.

Pregunta 2: 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0,2 puntos.

Preténdese valorar que o alumno/a coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que sexa quen de explicar este significado. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa, mais non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou a tradución a outra lingua.

Pregunta 3: 3 puntos

Aplicanse os mesmos criterios expostos na mesma pregunta da opción 1

Pregunta 4: 1 punto

Concederanse 0,2 puntos por cada forma cos valores ben identificados.

1- (*se hai uns anos*): Conxunción condicional.

2- (*que se están a producir*): formante léxico: *producirse* = ‘suceder’.

Tamén se considerará correcta a análise como *se* impersonal/pasiva reflexa.

3- (*teñen que moverse*): reflexiva directa = *se* CD.

4- (*que se pode arrastrar*): *se* impersonal / pasiva reflexa.

5- (*non se trata só de gañar*): formante léxico: *tratarse de X* = ‘ser X o asunto’.

Pregunta 5: 1 punto

Concederanse 0,2 puntos por cada definición solicitada en (a) e 0.1 por cada forma pedida en (b) e (c).

Pregunta 6: 1 punto Vid. opción 1

Pregunta 7: 2 puntos Vid. opción 1

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións 1 e 2)

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se descontará ata un **máximo de 2 puntos por erros**. Estes poderán ser:

—*Moi graves*: Solucións alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0,2 puntos c/u.

—*Graves*: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y*), acentuación diacrítica.... Desconto 0,1 c/u.

—*Leves*: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0,05 puntos c/u.

Estas penalizacións non se aplicarán sobre a pregunta 3, xa que van incluídas na propia valoración da pregunta.

OPCIÓN A

O NOSO SEÑOR SANT-IAGO

O do bordón, das cunchas e da estrela,
Patrón da Terra nosa, alumiñado
de saudosa paz, no esgrevio estrado
da enxebre catedral de Compostela!

Así te adora nosa fe sinxela:
no teu trono de prata encadeirado,
a man a benzoar, asosegado,
esquecido das loitas de Castela.

O teu cabalo branco como a neve,
a túa espada de rebrillos louros
e o relembro das tráxicas fazañas

que, arredado de nós pra sempre, os leve
o pobo que te alcuña matamouros,
a sanguinosa xente das Españas!

Ramón Cabanillas, *Da Terra asoballada* (1926)

1. Expón brevemente o contido deste poema. [1 punto]
2. Sinala a estrutura do texto, indicando os núcleos de contido de cada parte. [1 punto]
3. Fai unha exposición comparando o sentido e a importancia que tiveron as peregrinacións a Compostela historicamente e o que teñen na actualidade. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Identifica os pronomes átonos presentes no texto e xustifica a súa posición con relación ao verbo. [1 punto]
5. Indica se as seguintes palabras do texto son morfoloxicamente simples, derivadas ou compostas. Xustifica a resposta, sinalando no seu caso a derivación ou composición que aprecies. [1 punto]:
patrón (líña 2), *saudosa* (l. 3), *encadeirado* (l. 6), *rebrillos* (l. 10), *matamouros* (l. 13)
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuizos lingüísticos: a súa repercusión nos usos
 - b) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
 - b) A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

OPCIÓN B

Os episodios máis dolorosos para Piñeiro, aqueles que o magoaron intimamente ata causarlle verdadeiros trastornos psíquicos, tiñan que ver, sobre todo, co embrutecemento que causaba a guerra. Pouco a pouco, cando empezou a ser consciente de que moitos compañeiros, en xeral bos rapaces, se apuntaban aos pelotóns de fusilamento só para quedar co calzado ou a roupa dos mortos, sen que tal proceder lles producise nin remordementos nin inquietude, entrou nunha depresión profunda que o mantivo varios días nun estado de abulia paralizante. Cando levaba unha semana nesa situación, sentado en silencio diante do lume, incapaz de tomar iniciativa ningunha, os compañeiros, alarmados, falaron co médico. Coa axuda dunha medicación enérxica puido recuperar a normalidade. O que lle producía auténtica mágoa era o comportamento inhumano, privado da máis elemental sensibilidade, de moitas persoas que actuaban como se de pronto estivesen dominadas polos instintos máis primarios. Se esas persoas, ademais, eran representantes da Igrexa, como aquel cura aragonés ao que lle escoitou dicir nun sermón que cumpría utilizar adecuadamente a baioneta porque era unha arma moi “entrañable”, entón resultáballe tan incomprensible como mortificante e causáballe auténticos abalóns no fondo da conciencia. Foi por condutas deste tipo como perdeu a fe relixiosa. O decepcionante comportamento humano de tantas persoas durante a guerra fíxoo meditar longamente no que el chamaría máis tarde “o ser do home”. De aí nacería o seu interese pola filosofía, e dentro desta, dun xeito máis concreto, pola antropoloxía. Cada vez que no futuro se dedique a estudar algúns dos problemas que van ocupar a súa atención, sempre acabarán inscritos no horizonte visible da conduta humana.

Carlos Casares, Ramón Piñeiro, unha vida por Galicia, 2005

1. Fai un breve resumo do texto. [1 punto]
2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *episodio* (líña 1), *magoar* (líña 1), *abulia* (líña 6), *abalón* (líña 14), *antropoloxía* (l. 17). Non son válidas as respostas só con sinónimos. [1 punto]
3. Redacta un texto expoñendo os motivos polos que, na túa opinión, a guerra provoca nas persoas o embrutecemento que sinala o texto. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: *doloroso* (líña 1), *guerra* (l. 2), *enérxica* (l. 8), *baioneta* (l. 12), *fe* (l. 14), *home* (l. 16). [1 punto]
5. Analiza sintacticamente a seguinte oración: *Cando levaba unha semana nesa situación, os compañeiros, alarmados, falaron co médico* (líñas 6-8). [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos
 - b) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.

b) A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

OPCIÓN A

Pregunta 1: 1 punto

Valorarase a capacidade de interpretación textual e de síntese por parte do alumno/a.

Pregunta 2: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a capacidade do alumno/a para captar a estrutura do texto e identificar os núcleos de contido correspondentes a cada parte, así como a súa organización xerárquica.

Pregunta 3: 3 puntos

Valorarase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagregaranse en tres tramos de 1 punto cada un:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase:

1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, stereotipos, lugares comúns) como a “orixinalidade” gratuíta.

1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións.

1.c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, onclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

Pregunta 4: 1 punto

—Pola identificación dos tres clíticos (te adora, os leve, te alcuña): 0.25 puntos (Por cada clítico non identificado ou cada forma indebidamente identificada como clítico restarase 0.1, sen que poida resultar unha puntuación negativa).

—Pola correcta xustificación da súa posición: 0.75 puntos (= 0.25 por cada un)

Pregunta 5: 1 punto

Concederase 0.20 puntos por cada palabra ben respondida. Se non xustifica a resposta ou non identifica ou identifica mal a derivación e composición (nas derivadas e compostas): 0.10 por palabra.

patrón (simple) / saud-osa, en-cadeir-ado, re-brillos (derivadas) / mata-mouros (composta)

Pregunta 6: 1 punto

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da

pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas.

A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu texto de maneira personalizada. Penalizaranse (ata 0.25 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non persoais.

Pregunta 7: 2 puntos

Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias...
- b) Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores.
- c) Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Non se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras.

A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu texto de maneira personalizada. Penalizaranse (ata 0.5 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non persoais.

OPCIÓN B

Pregunta 1: 1 punto

Valorarase a capacidade sintética do alumno/a, que debe ser capaz de reter os elementos fundamentais do texto fronte aos secundarios ou anecdóticos.

Pregunta 2: 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0,20 puntos. Preténdese valorar que o alumno/a coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que sexa quen de explicar este significado. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa, mais non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou a tradución a outra lingua.

Pregunta 3: 3 puntos

Aplicanse os mesmos criterios expostos na mesma pregunta da opción A.

Pregunta 4: 1 punto

Restarase 0.20 puntos por cada vogal mal respondida, sen que en ningún caso poida resultar unha puntuación global negativa (ex.: 1 fallo = 0.8 puntos; 2 fallos = 0.6 [...] 5 ou 6 fallos = 0 puntos)

—Tónicas abertas: guerra, enérxica, fe, home —Tónicas pechadas: doloroso, baioneta.

Pregunta 5: 1 punto

Valorarase a correcta identificación das funcións oracionais e das categorías ou unidades sintácticas que as desempeñan. Admítese calquera modo de representación da análise así como as diversas terminoloxías, sempre que se empreguen de xeito coherente. Ítems de referencia na corrección:

1. *Os compañeiros:* FN - *Suxeito*
2. *Alarmados:* Adx (ou part.) – *Complemento Predicativo (de SU)*
3. *Falaron:* Verbo - *Predicado (ou Núcleo da FV-Predicado)*
4. *Co médico:* FPrep – *Complemento Preposicional (ou suplemento ou terminoloxía afín)*
5. *Cando levaba unha semana nesa situación:* Or. Sub. Adv. Temp. – *CC Tempo*
6. *Levaba:* Verbo - *Predicado (ou Núcleo da FV-Predicado)*
7. *Unha semana:* FN – *CC Cantidad (de levar)*

8. *Nesa situación: FPrep – Complemento Predicativo de SU (tamén se dará por válida a función CC Modo)*

—Pola correcta identificación das funcións: 0.8 puntos = 0.1 por cada ítem. (No ítem 7 concederanse 0.05 puntos se identifica a función como CC de Tempo)

—Pola correcta identificación das categorías ou tipos de unidades: 0.2 puntos no conxunto da análise.

Pregunta 6: 1 punto Vid. opción A

Pregunta 7: 2 puntos Vid. opción A

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións A e B)

PAU 2011- XUÑO
LINGUA GALEGA E LITERTAURA II
OPCIÓN A

Eu son un home triste
2 eu son un neno canso
e teño unha voz murcha,
4 como unha mau de néboa
rubindo cara ao sol;
6 unha mau a buscar
a Túa mau infinita.

8 Eu son un home triste
que ando a pensar en min
10i a cavilar en Ti.

Eu son un home
12que te busca na terra
e non te ve nas rosas.

14Que cando pensa acharte
nuns ollos translucentes,
16decátase de que iles
son ollos de door,
18ollos de cas que sufren
e bois baixo aguilladas
20ollos con moitas bágoas.
Entón, Señor, ti fuxes,
22i estas maus que son terra
somentes terra apreixan.

24Eu son un home triste.

Antón Tovar, *Arredores*, 1962

1. A quen se dirixe o eu do poema? Por que adopta un ton de desacougo e tristeza? [1 punto]
 2. Por que, sendo un home, di "eu son un neno canso" (verso 2). Apoia a túa resposta con referencias explícitas ao propio texto. [1 punto]
 3. Redacta un texto expoñendo os motivos polos que, na túa opinión, a poesía é un xénero con menos lectores que a novela. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
 4. O poema non está escrito conforme o galego estándar actual. Identifica no texto sete formas non-estándar distintas e sinala a forma estándar correspondente a cada unha delas. [1 punto]
 5. Indica: a) dous sinónimos de rubir (líña 5), cavilar (1. 10), fuxir (1. 21), apreixar (1.23); b) un sinónimo e un antónimo de sufrir (1. 18). [1 punto]
 6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
1. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
 3. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
1. A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas)
 2. O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

PAU 2001. XUÑO
LINGUA GALEGA E LITERATURA II
OPCIÓN B

O sector pesqueiro galego experimentou un forte proceso de expansión a partir dos anos 60 que se asentou en dous factores: 1) O medre na demanda de peixe como consecuencia do 'despegue' económico. 2) O potenciamento que desde o propio goberno do estado se realizou respecto da pesca de altura. Ao abeiro do Plan de Reconversión da Flota, aprobado en 1961, procedeuse á construción dun bo número de barcos conxeladores, que beneficiaron, sobre todo, á actividade pesqueira industrial. Até 1977 a flota galega de altura contaba con case 500 buques e parecía constituír un sector capaz de manter un crecemento sostido. Sen embargo, a situación mudou a partir dese ano. Para explicar esta contracción hai que sinalar dúas grandes causas: o envellecemento da flota de baixura (agravado pola situación de esquilamento que sofren os nosos caladoiros) e a redución dos caladoiros internacionais. Aos problemas existentes con Marrocos, Irlanda ou o Canadá, por mor da cuestión das augas territoriais, cómpre engadir as enormes limitacións que padecen os nosos barcos nos caladoiros comunitarios, así como a aplicación das normativas a respecto da reconversión da flota galega após a integración do Estado español na CEE e o desleixo que amosou o goberno español na defensa dos intereses galegos. As consecuencias desta situación, cando menos as máis evidentes, foron, por unha banda, a práctica desintegración da flota galega de conxeladores e, pola outra, a desaparición de case 4500 empregos entre 1977 e 1987, fundamentalmente na pesca de

altura e conxeladora.

Bieito Alonso Fernández, en Historia xeral de Galicia, 1997

1. Indica cal é o tema do texto e fai unha breve síntese do seu contido. [1 punto]
 2. Elabora un esquema coas ideas do texto. [1 punto]
 3. No texto alúdese a certos problemas do sector pesqueiro derivados da integración española na CEE (actual UE). Expón de xeito argumentado as vantaxes e inconvenientes que na túa opinión ten a nosa pertenza á Unión Europea. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
 4. Identifica as dúas seguintes construcións sintácticas e comenta as diferenzas de forma e de nivel de uso existentes entre elas: [1 punto]
 - O Plan de Reconversión da Flota foi aprobado en 1961.
 - O Plan de Reconversión da Flota aprobouse en 1961.
5. Segmenta morfoloxicamente as seguintes palabras e identifica o valor de cada un dos morfemas: pesqueiro (líña 1), conxeladores (1. 5), industrial (1. 6), existentes (1. 10), desintegración (1. 15). [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha: extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
- O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha: extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
- A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas)
O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90.
Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

OPCIÓN A

Pregunta 1: 1 punto

Con esta pregunta e a seguinte preténdese avaliar a capacidade do alumno/a para captar o sentido global e a intención comunicativa do discurso, neste caso un texto literario. Asignarase ata 1 punto en función da capacidade para interpretar o texto como mostra da frustración que sente o poeta na súa procura, insatisfeita, das manifestacións de Deus (Ti, Señor) na terra.

Pregunta 2: 1 punto

Avalíase a capacidade do alumno/a para interpretar a imaxe do poeta —“home (triste)”— como “nenó (canso)” no sentido global do texto. A puntuación máxima asóciase á capacidade de captar a alegoría dos seres humanos como nenos/fillos desvalidos á procura de Deus-pai: “unha mau a buscar / a Túa mau infinita”.

Pregunta 3: 3 puntos

Valorarase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagregaranse en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a “orixinalidade” gratuíta. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar. No caso de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

Pregunta 4: 1 punto

Por cada palabra distinta correctamente identificada e coa forma estándar: 0.15 puntos. Sen a forma estándar: 0.10. En todo caso ata o máximo de 1 punto. Se se inclúen máis de 7 formas, consideraranse só as 7 primeiras (a menos que se trate de palabras repetidas).

Pregunta 5: 1 punto

Por cada sinónimo/antónimo correctamente indicado: 0.10 puntos.

Pregunta 6: 1 punto

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas.

A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu propio texto de maneira personalizada. Penalizaranse (ata 0.25 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non persoais.

Pregunta 7: 2 puntos

Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias...
- b) Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores.
- c) Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Non se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras.

A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu propio texto de maneira personalizada. Penalizaranse (ata 0.5 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non persoais.

OPCIÓN B

Pregunta 1: 1 punto

Avaliáase a capacidade para identificar o tema do texto e para presentar de maneira sintética a mensaxe que transmite.

Pregunta 2: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a capacidade de comprensión analítica do texto por parte do alumno/a a través da identificación das ideas do texto e da súa xerarquización

Pregunta 3: 3 puntos

Aplicanse os mesmos criterios expostos na mesma pregunta da opción 1

Pregunta 4: 1 punto

Pola identificación das dúas construcións sintácticas (pasiva perifrástica vs. pasiva reflexa, se impersonal ou terminoloxías afíns):

0.50 puntos (0.25 por cada unha). Polo comentario solicitado: 0.50 puntos (a título

orientativo: 0.25 pola caracterización formal e

0.25 pola caracterización de nivel de uso).

Pregunta 5: 1 punto

Por cada palabra ben segmentada e cos valores dos morfemas razoablemente ben identificados, de maneira aproximativa: 0.20 puntos. Sen a identificación ou con identificación incorrecta: 0.10 puntos.

pesqu/eir/o conxel/(a)dor/es industri/al exist/ente/s des/integr/a/ción

Pregunta 6: 1 punto

Vid. opción 1

Pregunta 7: 2 puntos

Vid. opción 1

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións 1 e 2)

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. Estes poderán ser:

—Moi graves: Solucións alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0,2 puntos c/u.

—Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica... Desconto 0,1 c/u.

—Leves: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0,05 puntos c/u.

Estas penalizacións non se aplicarán sobre a pregunta 3, xa que as mesmas van incluídas na propia valoración da pregunta.

PAU SETEMBRO 2011

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

Señorita: A partir de hoxe, debe vostede borrar o meu nome da lista dos seus admiradores. Ignoro se lle importa sabelo, pero son un home feito anacos. Dáse vostede conta? Son un afeccionado que perseguirá a súa imaxe na pantalla de todos os cinemas de estrea e de barrio, un crítico afeccionado que xustificou as súas peores actuacións morais e agora xura de xeonllos separarse para sempre de vostede.

Fágame o favor de ser máis responsable dos seus actos, e antes de asinar un contrato ou de aceptar un compañeiro estelar, pense que un home coma min pode contarse entre o público e recibir un golpe mortal. Non falo movido polos celos, mais, créame vostede: en Escravas do desexo foi bicada, acariñada e agredida con exceso. Vostede podería alegar na súa defensa que dende a súa primeira irrupción no celuloide apareceron algúns dos trazos da conduta que agora lle estou a reprochar. É certo; e admito avergoñado que ningún dereito ampara as miñas querelas. Eu aceptei amala tal como é. Perdón, tal como cría que era. Coma todos os desenganados, maldigo o día en que unín a miña vida ao seu destino cinematográfico.

Antes, as súas escenas de amor non me alteraban, porque sempre había en vostede un trazo de dignidade profanada, porque percibía sempre un íntimo rexeitamento. Pero *n' A rabia no corpo*, cos ollos húmidos de amor, vostede volveu cara a min o seu rostro verdadeiro. Conféseo dunha vez: vostede está realmente namorada dese comiquiño de segunda, non é certo? Atreveríase a negalo impunemente? Por que xogou comigo como xogan todas? Por que non me ensinou dende o principio o rostro desatado que agora me atormenta?

Elena Poniatowska, "Cinema Prado", en *A filla do filósofo*, 2009

1. Que imaxe da persoa que escribe esta carta nos transmite a autora no texto? Xustifica brevemente a túa resposta. [1 punto]
2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: afeccionado, celuloide, reprochar, impunemente, atormentar. Non son válidas as respostas só con sinónimos. [1 punto]
3. Expón a túa opinión sobre a responsabilidade que determinados medios como o cine, a televisión ou os videoxogos, poden ter en certas condutas patolóxicas dalgunhas persoas. Considera as eventuais medidas que cabería tomar para evitar eses problemas. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Identifica nas primeiras liñas do texto (ata recibir un golpe) cinco conxuncións distintas e clasifícaaas (por ex.: conx. coordinante adversativa ou subordinante causal). [1 punto]
5. Segmenta morfoloxicamente as 5 palabras subliñadas da seguinte oración e identifica o valor de cada morfema: admito avergoñado que ningún dereito ampara as miñas querelas. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
7. a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuizos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
b) O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
8. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
a) A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
b) A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

PAU SETEMBRO 2011
LINGUA GALEGA E LITERATURA II
OPCIÓN B

Levo tempo describindo a miña expedición 'Everest 2012' aos amigos. Asegúrolles que subirei ao curuto do planeta dentro de dous anos. Mesmo enumérolles as marcas das roupas térmicas que vou usar e os modelos de piolets que precisarei. Eles saben que nunca vou executar ese soño, pero son tan educados que disimulan e opinan sobre o meu equipo de escalada.

En montañismo hai dous xeitos de ascender: o himalaísmo (subir un treito, asentar unha base e descender antes de volver escalar) e o alpinismo (un ascenso directo e ininterrompido). Como o 2012 bótase enriba de min como unha avalancha de neve cruel, *comecei a desprestixiar o Everest* chegando a cualificalo de "*destino para o Sergas*". É unha medida preventiva, unha venda que **me** cobre o corazón. Con todo, non desbotarei ascender eses 8.848 metros ata que chegue o día 365º do ano da promesa. No 2013, inventarei unha aventura diferente: chegar ao Polo Norte nun trineo tirado por cans de palleiro, por exemplo. O meu pai aprendeume que os soños son infinitos. Nunca **mo** falou con palabras, pero foi un alpinista, dos que soben recto e tarareando. Camiñou a vida cunha estrela na fronte e, no bico, un cantar. Finou o luns. Desculpen a tristeza.
Jaureguizar en *El Progreso* (14/01/2010)

1. Indica cal é a relación que establece o autor entre os tres núcleos de contido do seu texto: [1 punto]

a) expedición ao Everest b) importancia dos soños c) morte do pai

2. Por que o autor "comezou a desprestixiar o Everest". Que quere dicir cando o cualifica de "destino para o Sergas" [1 punto]

3. Redacta un texto argumentativo e persuasivo a través do cal pretendas conseguir unha subvención oficial da Xunta para financiar unha expedición galega ao Everest. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]

4. Fíxate na colocación dos cinco pronomes átonos subliñados no texto. Cres que sería posible colócalos na posición alternativa (enclíticos os proclíticos e viceversa)? Xustifica a resposta. [1 punto]

5. A frase *unha avalancha de neve cruel* é ambigua: ten dúas interpretacións posibles. Identifícaa e fai a análise sintáctica correspondente a cada unha delas. [1 punto]

6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]

a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuizos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

b) O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]

a) A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.

b) A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

OPCIÓN A

Pregunta 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a capacidade do alumno/a para captar o sentido do texto e a súa intención comunicativa. Espérase que sexa quen de identificar a caracterización do personaxe en cuestión como un individuo psicoloxicamente desequilibrado e de xustificalo de maneira breve e aproximativa sobre a base de elementos tirados do propio texto.

Pregunta 2: 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0,20 puntos. Preténdese valorar que o alumno/a coñeza o significado que teñen no texto as palabras indicadas e que sexa quen de expresalo. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa, mais non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou a tradución a outra lingua.

Pregunta 3: 3 puntos

Valorarase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado,

adequado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagregaranse en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa

presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a “orixinalidade” gratuíta. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos

adequados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao punto de dificultar a

súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución

proporcionada da valoración global da pregunta.

Pregunta 4: 1 punto

Por cada conxunción distinta correctamente identificada e clasificada: 0.20 puntos. Sen a clasificación ou completamente mal clasificadas: 0.10. Coa clasificación incompleta ou parcialmente incorrecta: 0.15. se (ignoro se), pero, e, ou, que (pense que)

Pregunta 5: 1 punto Por cada palabra segmentada e cos valores dos morfemas razoablemente identificados, de maneira aproximativa: máx. 0.20 puntos. Sen a identificación: máx. 0.10 puntos. Consideraranse puntuacións intermedias para palabras parcialmente mal segmentadas ou cos valores mal ou incompletamente identificados.

(ad)mit/o a/vergoñ/(a)d/o ampar/a miñ/a/s querel(a)/s

Pregunta 6: 1 punto

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas.

A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu propio texto de maneira personalizada. Penalizaranse (ata 0.25 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non-persoais.

Pregunta 7: 2 puntos

Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias...
- b) Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores.
- c) Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Non se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras. A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu propio texto de maneira personalizada. Penalizaranse (ata 0.5 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non-persoais.

OPCIÓN 2

Pregunta 1: 1 punto

Avalíase, de maneira modulada ata 1 punto, a capacidade para comprender globalmente o texto. Espérase que o alumno/a sexa quen de captar a relación que o autor establece entre os tres núcleos de contido indicados: a expedición ao Everest como un soño, a importancia dos soños na vida e o pai, que acaba de morrer e que co seu exemplo vital lle transmitiu a el esa idea.

Pregunta 2: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a capacidade para comprender o sentido que ten no conxunto do texto o fragmento “Como o 2012 bótase enriba de min como unha avalancha de neve cruel, comecei a desprestixiar o Everest chegando a cualificalo de ‘destino para o Sergas’. É unha medida preventiva, unha venda que me cobre o corazón”. Asignarase ata 1 punto de maneira modulada e global, sen unha distribución por separado das dúas interrogacións de que consta o enunciado, que é unitario.

Pregunta 3: 3 puntos

Aplicanse os mesmos criterios expostos na mesma pregunta da opción 1.

Pregunta 4: 1 punto

Por cada clítico coa posibilidade de posición alternativa ben identificada e razoablemente ben xustificada: 0.20 puntos. Sen xustificación: 0.10. Con xustificación pero manifestamente incompleta: 0.15.

Pregunta 5: 1 punto

Pola identificación das dúas interpretacións (cruel pode referirse a neve ou a avalancha): 0.50 puntos. Por cada análise: 0.25. Admítese calquera modo de representación da análise así como as diversas terminoloxías, se se empregan de xeito coherente.

Pregunta 6: 1 punto

Véxase opción 1

Pregunta 7: 2 puntos

Véxase opción 1

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións 1 e 2)

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección

lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de

2 puntos por erros. Estes poderán ser:

—Moi graves: Solucións alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación

dos clíticos...). Desconto 0,20 puntos c/u.

—Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica.... Desconto 0,10 c/u.

—Leves: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica.

Desconto 0,05

puntos c/u.

Estas penalizacións non se aplicarán sobre a pregunta 3, xa que as mesmas van incluídas na

propia valoración da pregunta.

PAU SETEMBRO 2012

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

Cos zapatos mollados percorrín Compostela
2 na procura da pedra que miman os teus dedos,
por vellas fendeduras escoitei rosmar credos
4 encubertos por fiestras pechadas con tarabela.
Os pasos postergaron o eco da cantarela
6 baixando polos viños entre cantos máis ledos
mesturados co aroma de ribeiros acedos,
8 de onde fuxín lixeiro por non ter nin cadela.
No Toural un concerto da banda do concello
10fixo que o desconcerto propio vise no espello
que os pés atrecidos desexaban quentura,
12Vin que espreitantes rostros pelexaban comigo
xulgándome de parvo por non ficar ao abrigo.
14Ningunha chuvia molla como estar na amargura.
Miro Villar, *Ausencias pretéritas* (1992)

1. Cal é a causa do estado de ánimo do *eu* do poema: a) non ten cartos, b) sofre unha coita amorosa, e) está todo mollado pola chuvia. Xustifica a resposta cun fragmento tomado do propio texto. [1 punto]

2. Fai unha paráfrase do que lle aconteceu ao protagonista do poema na Praza do Toural. [1 punto]

3. Redacta unha carta dirixida a unha institución local na que lle solicites información acerca das rutas e visitas guiadas á túa cidade ou vila. Nela debes tentar persuadir sobre a necesidade de potenciar estas actividades (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3

puntos]

4. Define o significado que teñen no texto os seguintes termos: *tarabela* (v. 4), *cantarela* (v. 6), *cadela* (v. 9), *atercidos* (v. 13) e *espreitantes* (v. 15). Non son válidas as definicións que conteñan unicamente sinónimos [1 punto]

5. Analiza sintacticamente a secuencia *Cos zapatos mollados percorrín Compostela na procura das pedras que miman os teus dedos*. [1 punto]

6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]

a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

b) O galego no primeiro terzo do XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación socio lingüística.

7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]

a) O teatro galego entre 1936 e 1976. A Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

b) A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

OPCIÓN B

Paso moitas horas ao día dentro desta cabina laranxa, na peaxe da autoestrada, 2 aburrido. Os meus compañeiros xa me recomendaron que buscase algo para entreterme nas horas de menos tráfico. Algúns teñen unha televisión portátil, outros 4 escoitan a radio e mesmo hai unha rapaza que le algún libro. A min encantaríame ler, mais non me dou concentrado, detesto que interrompan o curso dos meus 6 pensamentos, a chegada dun coche significa un descenso brusco á vida real. De modo que, tras darlle voltas a primeira Semana, crin que sería unha boa idea observar os 8 condutores, analízalos. Os que pasan todos os días prefiren a telepeaxe, é unha mágoa porque neses daría reparado facilmente. Aínda así, acadei o meu obxectivo. Os que 10repeten o itinerario con frecuencia xa me son familiares.

O caderno onde escribo é azul escuro, ten un coello branco na tapa de diante e un Código de barras na parte de atrás. Nestas follas de celulosa cuadriculadas atópanse as letras que trazo e que me auxilián nesta terapia necesaria. A miúdo estou obrigado a facer escritura automática, enlace as primeiras ideas que me veñan á cabeza e plásmoas no papel.

Os colegas de traballo dinme que me deixe de lerias e fantasías, e que me ocupe a mente en tarefas máis mundanas. Pero engancheime a escribir neste caderno, e agora non podoo deixar de imaxinar a vida dos que acotío desfilan fronte á cabina. Xa conformaron a miña mente pequenas celas, con cadansúa etiqueta, onde os mínimos detalles moldean a existencia deses rostros anónimos que tanto significan para min. Velaí os auténticos protagonistas, o alimento do meu maxín, a miña táboa de salvación. O día en que non vexo esas caras que coñezo, o fatídico día que escollen outra cabina, non durmo ben, soño que estou en Berlín e sufro un pesadelo recorrente no que derrapo nun circuíto labiríntico, ateigado de curvas.

Santiago Lopo, Peaxes (2009)

1. Fai unha síntese do texto e procura un título axeitado para el. [1 punto]

2. Indica que trazo do personaxe se acaba destacando por enriba doutros: a) o tedio, b) a obsesión, e) a adicción ao traballo, d) a imaxinación. Xustifica a resposta empregando fragmentos do texto. [1 punto]

3. Redacta un texto no que expoñas a túa opinión sobre vantaxes e inconvenientes dos traballos rutineiros. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. A partir do significado que posúen no texto, indica dous sinónimos de cada un dos seguintes termos: *itinerario* (1. 8), *auxilian* (1. 11), *terapia* (1. 11), *engancheime* (1. 14) e *acotío* (1. 15). [1 punto].
5. Indica a función sintáctica dos pronomes resaltados no texto. Indica tamén se é posible colocalos ou non dunha maneira alternativa e xustifica en cada caso a resposta. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
- a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- b) O galego no primeiro terzo do XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación socio lingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
- a) O teatro galego entre 1936 e 1976. A Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- b) A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN SETEMBRO 2012

OPCIÓN A

Pregunta 1: 1 punto

Preténdese avaliar a capacidade do alumnado para captar o sentido do texto.

Asignarase 0.5 puntos no caso de que identifique como causa do estado de ánimo b) *sofre unha coita amorosa*, e 0.5 no caso de que xustifique a resposta cos versos “[percorrín Compostela] na procura da pedra que miman os teus dedos” ou “Ningunha chuvia molla como estar na amargura”.

Pregunta 2: 1 punto

A pregunta ten tamén como obxectivo avaliar a correcta comprensión do texto e a capacidade de síntese das ideas principais: o concerto da banda de música, o desconcerto, a chuvia e o frío, e a amargura causada pola coita amorosa. A mención na paráfrase de cada unha delas suporá 0.25 puntos.

Pregunta 3: 3 puntos

Valorarase a capacidade do alumnado para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, Adecuado á situación comunicativa e correcto desde o punto de vista ortográfico e gramatical. A cualificación da pregunta (3 puntos) desagregarase en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: a) a adecuada selección da información, coa presenza daquela que sexa pertinente e necesaria para que o texto resulte comprensible. Terase en conta a capacidade para evitar clichés, estereotipos, lugares comúns e ideas excesivamente previsibles, así como unha orixinalidade gratuíta e afastada do contido do texto da proba; b) a coherencia discursiva. A sucesión de enunciados do texto debe presentar continuidade temática e progresión informativa. Non debe ademais introducir contradicións; c) a organización da información: estruturación do texto (p. ex., introdución, desenvolvemento e conclusións), argumentación e organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase: a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Terase en conta o

manexo apropiado dos rexistros da lingua nas escollas lexicais e nas construcións gramaticais. O texto deberá evitar polo tanto trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados, así como aqueles que amosen un requintamento afectado. En definitiva, valorarase o bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais coma léxicos;

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase: O correcto dominio da ortografía e os signos de puntuación, así como a gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar. A elaboración de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada suporá unha diminución proporcional da valoración global da pregunta.

Pregunta 4: 1 punto

Por cada definición correcta concederáse 0.20 puntos.

Pregunta 5: 1 punto

A puntuación asignada ás diferentes funcións sintácticas correctamente identificadas será a seguinte: *cos zapatos mollados*: CCM, 0.10; *percorrín*:

PRED/NÚC/denominación similar, 0.10; *Compostela*: CD/OD, 0.10; *na procura da pedra que miman os teus dedos*: CCC, 0.10; *que miman os teus dedos*:

MODIFICADOR, 0.10; *que*: CD, NEXO ou ENLACE RELATIVO, 0.20; *miman*: PRED, 0.10; *os teus dedos*: SUX, 0.20. Cada confusión no nivel de xerarquía de funcións será penalizada con 0.10 puntos (cun tope máximo de 1 punto).

Pregunta 6: 1 punto

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa puntuación que se lle concede á pregunta e co tempo do que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando divagacións e xeneralidades pouco informativas. A pesar de que se trata dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a elaboración dun texto persoal, e non dunha reprodución puramente memorística.

Pregunta 7: 2 puntos

Valorarase o tratamento, no tema escollido, dos seguintes elementos: a) información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias, etc; b) información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta non só debe facer referencia ás obras máis importantes senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores; c) información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Non se considerarán correctas as respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras. A pesar de que se trata dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase a elaboración dun texto persoal, e non dunha reprodución puramente memorística.

OPCIÓN B

Pregunta 1: 1 punto

Preténdese avaliar a capacidade de comprensión e síntese do texto. Concederáse 0.5 puntos a un resumo completo deste, e 0.5 a un título axeitado.

Pregunta 2: 1 punto

Avaliase a capacidade de comprensión do texto. Asignarase 0.5 á resposta b) a obsesión, e 0.5 en función da súa xustificación con algunha destas secuencias: “engancheime”, “agora non podo deixar de imaxinar a vida dos que acotío desfilan fronte á cabina”, ou “o día en que non vexo esas caras (...) non durmo”. Concederáse 0.25 puntos ás respostas a) o tedio e b) a imaxinación e 0.25 ás súas xustificacións sempre que estas sexan correctas (l. 1 e 13-17 respectivamente).

Pregunta 3: 3 puntos

Aplicaranse os mesmos criterios expostos na pregunta 3 da opción A.

Pregunta 4: 1 punto

Por cada sinónimo correcto concederanse 0.10 puntos.

Pregunta 5: 1 punto

Concederase 0.20 puntos por cada forma. De non estar indicada e xustificada a función ou a posibilidade dunha colocación alternativa concederase unicamente 0.10.

En *Entreterme* o pronome admite colocación alternativa, e aínda que non sexa de todo exacto, admitiremos como válidas as funcións de OD/CD, formante léxico/pronominal e reflexiva. As mesmas funcións admitiranse en *non me dou concentrado*, que non admite outra colocación. En *xa me son familiares* é un C IND/O IND e non admite outra colocación. En *plásmoas* é un CD/OD e non admite outra colocación. En *e que me auxilian* é un CD e non admite outra colocación.

Pregunta 6: 1 punto

Vid. pregunta 6 da opción A.

Pregunta 7: 2 puntos

Vid. pregunta 7 da opción A.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións 1 e 2)

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais, tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame. Sobre a cualificación global poderase descontar até un máximo de dous puntos por erros, que poderán ser:

-- Moi graves: solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono, etc. Descontaranse 0,2 puntos por cada un.

-- Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y, etc.) e acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 punto por cada un.

-- Leves: solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica. Descontaranse 0,05 puntos por cada un.

Estas penalizacións non se aplicarán na pregunta 3, por estar xa incluída a corrección lingüística na súa valoración.

PAU XUÑO 2013

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

- Durante bastante tempo camiñamos en silencio por un carreiro costento, pedregoso e sen sombra.
- 2 Abdel-Bassit, enviso nos seus pensamentos, eu nos meus -nos meus remorsos, mellor dito. Despois deus en dicirme, axustando o turbante na cabeza:
- 4 -Escoitei que pronto nos deixades. A onde iredes?
-A Constantinopla, se Deus quixer.
- 6 Detívose, ladeando a cabeza como para escoitar o balbordo da cidade distante.
-Istambul! Istambul! Aos que teñen ollos éelles difícil dicir que non hai nada que ver no mundo. E,
- 8 sen embargo, é a verdade, crédeme. Para coñecer o mundo, abonda con escoitar. O que se ve nas viaxes non é senón un espellismo. Sombras perseguindo outras sombras. As estradas e os países non nos
- 10 aprenden nada que non saibamos antes, nada que non poidamos escoitar en nós mesmos na paz da noite.

Se cadra o relixioso non estaba trabucado, pero a miña decisión xa estaba tomada: partiría. En contra

12 do meu bo xuízo, e algo de mala gana, partiría.

Amin Maalouf, *A viaxe de Baldassare*, 2000

1. Indica brevemente, empregando as túas propias palabras, a idea que ten Abdel-Bassit sobre as viaxes como forma de coñecer o mundo (liñas 7-10) [1 punto]
2. Explica o significado que teñen no texto as seguintes palabras ou expresións: *costento* (liña 1), *pedregoso* (liña 1), *remorsos* (liña 2), *ladear a cabeza* (liña 6), *estar trabucado* (liña 11). Non son válidas as respostas só con sinónimos [1 punto]
3. 'Ver mundo' e 'coñecer o mundo'. Expón a túa opinión persoal sobre a relación existente entre ambas proposicións, partindo da idea que sostén ao respecto Abdel-Bassit no texto. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Identifica e explica o valor temporal que teñen as seguintes formas verbais no texto: *escoitei* (liña 4), *iredes* (liña 4), *aprenden* (liña 10), *estaba* (liña 11), *partiría* (liña 12). [1 punto]
5. Analiza sintacticamente a primeira oración do texto: *Durante bastante tempo camiñamos en silencio por un carreiro costento, pedregoso e sen sombra*. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras). [1 punto]
 - a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
 - b) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación socio lingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras). [2 puntos]
 - a) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
 - b) O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o grupo de Ribadavia.

OPCIÓN B

- O Nadal é tempo de bos desexos que intercambiamos coas persoas significativas na nosa vida. Despois
- 2 da resaca, seguen a latexar en min liñas trazadas dende puntos tan distantes como Indonézia, Finlandia ou Brasil. Os elos únense se porque teñen en común a lingua: o galego. Os *Cursos*
 - 4 *Cultura Galegas para Estranxeiros* teceron boa parte deses lazos. Cada ano participan neles un cento de persoas que son semente que deita froito con xenerosidade, sen prexuízos.
 - 6 Os agasallos de Nadal poden atoparse se tamén neste blog, foi o que pensei cando lín que unha antiga alumna dos cursos traduciu á súa lingua, o húngaro, un conto de Cunqueiro. A mesma alegría sentín ao
 - 8 atopar enriba da miña mesa a tradución, aínda inédita, ao italiano, de *Cousas*, de Castelao. O rapaz que a realizou contábame, con incredulidade, que os seus profesores da Universidade de Sevilla, onde está de
 - 10 Erasmus, non coñecían o autor do *Sempre* en Galiza e como se estrañaron de que el aprendese galego antes ca caste1án. Non son exemplos illados; as maneiras de

- contribuír ao país son tan diferentes como
- 12 enriquecedoras. Calquera pode comprobalo se busca na rede *A Xanela*, un vídeo realizado dende a óptica dunha rapaza rusa, alumna dos cursos, que na súa versión curta sería un dos mellores anuncios realizados
- 14 a favor da nosa lingua.
- No seu día a día en Galicia son intransixentes no uso do idioma, o que ofrece unha irnaxe sorprendente
- 16 para moitos galegos, que aínda non son quen de entender como hai persoas no Xapón ou nos Estados Unidos que dedican o verán a aprender a nosa lingua. Lembro este ano un xantar en Tui: o persoal do
- 18 restaurante era reticente a falar galego, pero claudicou ante o entusiasmo dos alumnos.
- Esta forza que vén de lonxe non só interpreta o país no que vivimos; contribúe a universalizalo con miradas limpas e abertas. Agora que pasou-o Nadal, este é o meu agasallo para os nosos brigadistas.

Malores Villanueva, "A forza que vén de lonxe", *O blog de Editorial Galaxia* (18/01/11)

1. Indica cal é o tema do texto e fai un breve resumo do seu contido. [1 punto]
2. Explica o significado que teñen no texto os seguintes enunciados (repara particularmente nas formas subliñadas): [1 punto]
 - (a) *Os elos únense porque teñen en común a lingua* (liña 3)
 - (b) *No seu día a día son intransixentes no uso do idioma* (liña 15)
 - (c) *O persoal do restaurante era reticente a Jalar galego, pero claudico u* (liñas 17-18)
 - (d) *Este é o meu agasallo para os nosos brigadistas* (liña 20)
3. Expón a túa opinión persoal sobre a situación reflectida no terceiro parágrafo do texto (liñas 15-18). (Extensión aprox. 200-250 palabras). [3 puntos]
4. Xustifica a colocación dos catro pronomes átonos **destacados** no texto (liñas 3, 6, 10, 12) e indica, de maneira razoada, se sería tamén posible que aparecesen noutra posición distinta. [1 punto]
5. Explica: a) por que se acentúan as seguintes palabras: *día* (liña 15), *vén* (liña 19), *só* (liña 19); b) por que non levan acento gráfico estouttras: *el* (liña 10), *pasou* (liña 20). [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras). [1 punto]
 - a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
 - b) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación socio lingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras). [2 puntos]
 - c) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
 - d) O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o grupo de Ribadavia.

- Contan as crónicas dos viaxeiros que por aqueles mundos andaron, con ollo atento e pluma fácil, **que**
- 2 hai na localidade turca de Kangal, a máis de 200 leguas de Istambul, unhas fontes termais onde viven uns peixes **que** sandan unha enfermidade da pel tan **rebelde** aos tratamentos da farmacopea como a psoríase.
 - 4 Estes peixes minúsculos teñen un apetito moi **voraz**, centrando a Súa atención carnívora nas escamas de pel morta, **que** tanto abundan nas zonas afectadas polas lesións típicas desta enfermidade.
 - 6 Tal parece, segundo explicou en Lovaina o dermatólogo turco que presentou a Occidente tal marabilla, que estes peixes posúen nas secrecións das glándulas dos beizos unha substancia que fai **remitir** as
 - 8 lesións, sen que se teña conseguido illar, malia os **reiterados** intentos dos turquestanos, axente químico tan **benéfico**.
 - 10 Similares propiedades posúe o fluído visguento dos peixes saltaríns da lama. Na farmacopea chinesa utilízase en particular a baba do saltarín da lama de Macau, que é o máis apreciado entre estes peixes.
 - 12 Unha vez máis, o embigo ao que nos ollamos reiteradamente os occidentais non nos deixa ver con claridade **que** hai outro mundo e outros métodos de traballo máis aló das nosas minguadas fronteiras, e
 - 14 que certas tradicións, aínda que empíricas, brindan resultados positivos con máis xenerosidade e abundancia do que imaxinamos. Endemais, **que** dúas culturas tan separadas como a chinesa e a otomá
 - 16 procurasen solucións a unha mesma enfermidade, por intermedio dun proceso **analítico** semellante, debería tamén facernos reflexionar, aínda que eu non sei rnoi ben a propósito de que.

Xavier Queipo,

Mundiños, 1996

1. Identifica a idea principal do texto, aquela que nos quere transmitir basicamente o autor. [1 punto]
2. Explica o significado que teñen no texto as seguintes expresións: *enfermidade rebelde aos tratamentos da farmacopea* (líña 3), *ter un apetito moi voraz* (1. 4), *centrar a súa atención carnívora* (1. 4), *ollarse ao embigo* (1. 12). [1 punto]
3. Expón de maneira argumentada a túa opinión sobre as vantaxes e os riscos das chamadas medicinas alternativas fronte á medicina convencional ou científica. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Identifica o tipo e subtipo de oración subordinada que introducen as cinco formas **que** destacadas no texto. Indica en cada caso se o **que** é un pronome relativo ou unha conxunción.
5. Indica un antónimo das seguintes 10 palabras (inclúese o contexto, pero ti só tes que poñer o antónimo da palabra destacada): [1 punto]
*enfermidade **rebelde** aos tratamentos // substancia que fai **remitir** as lesións // ver con **claridade** // resultados **positivos** // peixes **minúsculos** // **reiterados** intentos // culturas tan **separadas** // peixes **voraces** // axente químico **benéfico** // proceso **analítico***
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a. Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

- b. Historia da normativización: a construción da variedade estándar.
Interferencias e desviacións da norma.
7. Responde milla destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
- a. A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
b. A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

OPCIÓN B

- Aínda que xa non se estila moito a etiqueta, ata hai nada definiamos a nosa época como a *soeiedade da*
- 2 *información* (agora dise máis *Sociedade 2.0*). E dalgunha maneira segue sendo válida esa categorización porque é innegable que nunca dispuxemos de máis ferramentas para estarmos informados e conscientes
- 4 da realidade ea hoxe. E así, algúns, coma min, vivimos perpetuamente conectados ao facebook, twitter e outras redes sociais. E son as redes sociais e os blogs e as webs e os podcast e instagram e youtube e e e ...
- 6 quen me **nutren** de novas que, sen dúbida, amplían a miña ollada e alimentan o meu coñecemento.
- Mais, a pesar de todo isto, non podo evitar ter a sensación de que a meirande parte da cidadanía vive
- 8 (e, **paradoxo** dos paradoxos, tamén moitos dos usuarios de todos estes **medios telemáticos**) na máis completa e absoluta des información. O que é sen dúbida moi grave, posta que antes non existían maneiras
- 10 de saber as causas, e agora podemos sabelo practicamente todo sobre todo. Antes, cando morría o rei, na outra punta do reino enteirábanse un par de meses máis tarde (ou anos). Hoxe, alguén pode ir *tuiteando* a
- 12 agonía do monarca mentres millóns de persoas opinan sobre os **estertores**, discuten se é procedente aproveitar a circunstancia para **instaurar** a República e crean un grupo en facebook.
- 14 Daquela, deberíamos concluír que a sociedade actual, chea de información, coñecedora de todos os datos necesarios para entender o mundo, é unha sociedade máis libre, máis activa e, por forza, revolucionaria: ao sermos sabedores, como somos, das inxustizas que hai no mundo, actuamos e mudamos a realidade. Porén, resulta que non. E cando un repara nos *Trending Topic*, é dicir, os asuntos
- 16 dos que máis se fala no Twitter (a rede informativa por excelencia), atopa, como no momento no que isto escribo, asuntos vitais para a Jiberdade humana e a racionalidade como #xabialonso, #laroja ou, coma
- 20 onte, un asunto que tiña que ver coa operación de nariz de Belén Esteban.

É unha trola iso de que un pobo máis informado é un pobo máis libre. Unha trola enorme.

Francisco Castro en *Sermos*

Galiza (18/10/2012)

1. Selecciona un enunciado enteiro do texto que poida funcionar como titular informativo (aquele que resume o contido ou idea principal do artigo) e outro que sexa un bo titular expresivo (que chama a atención do lector sen informar do contido concreto). [1 punto]
2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras ou locucións: *nutrir* (líña 6), *paradoxo* (1. 8), *medios telemáticos* (1. 8), *estertores* (1.] 2), *instaurar* (1. 13). Non son válidas as respostas só con sinónimos. [1 punto]
3. Redacta un texto expoñendo de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo coa idea que sostén Francisco Castro no seu artigo. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Compara as construcións coordinadas dos seguintes exemplos; repara nos seus nexos: [1 punto]

- a. *perfectamente conectados ao facebook, twiter e outras redes sociais* (liñas 4-5)
 - b. *as redes sociais e os blogs e as webs e os podcast e instagram e youtube e e e ... (1. 5) e a sociedade actual, chea de información, eoñecedora de todos os datos* (1. 14)
5. Identifica no texto 5 conectores textuais distintos [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
- a. Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
- a. A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
 - b. A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

OPCIÓN A

Pregunta 1: 1 punto

Avalíase a capacidade para identificar a idea principal do texto, sen confundila coas anécdotas ou casuística en que se basea.

Pregunta 2: 1 punto

Valórase que o alumno/a coñeza o significado que teñen no texto as expresións indicadas e que sexa quen de expresalo. Por cada expresión co significado ben explicado concederanse 0,25 puntos.

Pregunta 3: 3 puntos

Valórase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagregaranse en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

- 1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a “orixinalidade” gratuita. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.
- 2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.
- 3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

Pregunta 4: 1 punto

Outórganse 0,15 puntos por cada oración ben identificada e 0,05 pola correcta identificación de cada que como pronome ou conxunción. No caso de clasificacións parcialmente incorrectas (e.g., identificación da completiva de SU como de CD), 0,10 puntos. No caso das oracións adxectivas ou relativas non se require a identificación do subtipo (aínda que unha é especificativa e a outra explicativa). Admítense as diversas terminoloxías en uso, sempre que se empreguen de xeito coherente.

Pregunta 5: 1 punto

Concédense 0,10 puntos por cada antónimo adecuado ao contexto de uso indicado.

Pregunta 6: 1 punto

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non dunha reprodución puramente memorística.

Pregunta 7: 2 puntos

Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias...

b) Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores. c) Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega. Non se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non dunha reprodución puramente memorística.

OPCIÓN B

Pregunta 1: 1 punto

Avalíase a capacidade para identificar o tema do texto a través dun título e de captar a atención do lector a través da escolla dun titular expresivo. Por cada un dos titulares adecuadamente seleccionados, 0,50 puntos. En ambos os casos deben ser enunciados completos extraídos do texto. Se están tirados do texto pero non son nel enunciados completos, 0,25 c/u. Non se considerarán respostas válidas os titulares non extraídos do texto.

Pregunta 2: 1 punto

Por cada palabra/locución ben definida concederanse 0,20 puntos. Valórase que o alumno/a coñeza o significado que teñen no texto as palabras/locucións indicadas e que sexa quen de expresalo. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa, mais non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou a tradución a outra lingua.

Pregunta 3: 3 puntos

Aplícanse os mesmos criterios expostos na mesma pregunta da opción 1.

Pregunta 4: 1 punto

Pola identificación do tipo de coordinación (copulativa) común a todas elas, 0,25 puntos. Polo comentario dos tres tipos de uso dos nexos, 0,75 puntos. Espérase unha descrición/caracterización deses distintos usos, sen necesidade de empregar terminoloxías especializadas do tipo ‘coordinación asindética’ ou ‘polisindética’.

Pregunta 5: 1 punto

Avalíase a capacidade de identificar os conectores que vinculan enunciados no nivel textual ou discursivo, sen confundilos cos nexos que actúan no nivel oracional. Deben estar adecuadamente identificados dentro do texto, non meramente enunciados en listaxe, sen localizalos no texto. Por cada conector ben identificado: 0,20 puntos. Non se pide a súa clasificación tipolóxica, polo que non se valora esa información nin se penalizan eventuais erros ao dala. Se se inclúen máis de 5 ítems na resposta, só se terán en conta os 5 primeiros.

Pregunta 6: 1 punto Vid. opción 1

Pregunta 7: 2 puntos Vid. opción 1

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións 1 e 2)

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros.

Estes poderán ser:

—Moi graves: Solucións alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0,2 puntos c/u.

—Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica...

Desconto 0,1 c/u.

—Leves: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0,05 puntos c/u.

Estas penalizacións non se aplicarán sobre a pregunta 3, xa que estas van incluídas na propia valoración da pregunta.